

**PUBLICACIÓN ORIXINAL:**

VÁZQUEZ BERTOMEU, M.: «Estudio introductorio», en *A igrexa de Santiago contra 1500 (O Libro do Subsidio)*, Edicións Lóstrego, Santiago, 2003, pp. 4-49.

## ÍNDICE

### ÍNDICE

#### **ESTUDO**

##### A IGREXA DE SANTIAGO A FINAIS DO SÉCULO XV

###### A Igrexa por dentro: a administración diocesana

1. O arcebispo
2. O cabido
3. A clerecía secular
4. O clero regular

###### A Igrexa cara a fóra: as actividades pastorais

##### A CONTRIBUCIÓN DA IGREXA DIOCESANA ÁS FACENDAS REAL E PONTIFICIA

###### A fiscalidade pontificia

#### **O LIBRO DO SUBSIDIO**

##### O códice

O manuscrito

A escritura

Datación

##### CRITERIOS DE EDICIÓN

#### **TRANSCRICIÓN**

##### ÍNDICE TOPONÍMICO

##### ÍNDICE ONOMÁSTICO

##### SIGNOS E ABREVIATURAS UTILIZADOS

## INTRODUCCIÓN

Os azares da conservación patrimonial e os intereses persoais e institucionais condicionan o noso coñecemento do pasado en tanto que actúan como filtros que permiten que cheguen a nós ou que desaparezan determinado tipo de documentos. Aqueles escritos que serven para xustificar a posesión dun dereito son os grandes protagonistas dos nosos arquivos porque foron vistos polos seus propietarios ou usuarios como algo proveitoso e intemporal; en calquera momento pasado, presente e futuro fan valer o seu contido e as facultades que del se derivan. Son públicos non só porque estean autorizados por un notario senón tamén porque o seu contido e o feito mesmo da intervención deste oficial denotan unha intención de quen os outorga de que o seu contido sexa coñecido, porque só así ten efecto. Pola contra, os instrumentos que se vinculan ós labores propiamente administrativos, que serven para comunicar unha orde, aclarar as ideas ou planificar o cobro dunha renda son fácil obxecto do estrago e da destrución, pois a súa finalidade non é xustificar nin probar senón simplemente facilitar tarefas ou cometidos. Nacen moitas veces da man de quen os usará posteriormente ou nunha instancia administrativa con vistas a ser usada por outra; son basicamente instrumentos a empregar cando se deben tomar, comunicar e executar decisións. Ó cabo de certo tempo, o seu contido -que non é *per se* probatorio- deixa de ser útil pois as circunstancias cambiaron, a moeda se depreciou ou o seu autor ou destinatario pasou a mellor vida. É por este motivo -ó que habería que engadir a súa fragilidade pois preferentemente están escritos en papel- que os testemuños directos que posuímos sobre os procesos administrativos baixomedievais son moi escasos. En Galicia, e a pesar do dano do paso do tempo e a humidade, consérvase un *corpus* administrativo de grande interese procedente das administracións máis complexas do período: as sés episcopais.

O obxecto do presente traballo é dar a coñecer un documento administrativo procedente dunha sé, neste caso, arcebispal, como é a compostelá. Como todos os escritos relacionados cos ámbitos de xestión, ten grande interese en si mesmo pois é testemuño dunha actividade humana -persoal ou institucional- e permite reconstruír unha parte dos procesos e organigramas relacionados coa acción de goberno, os asuntos económicos ou a vida pastoral. Desde outro punto de vista, este tipo de fontes proporcionan xeralmente uns datos moi interesantes caracterizados pola súa precisión e veracidade.

Estes ingredientes dánse cita no documento aquí estudado. É un códice de pergamino elaborado en 1500 -sobre un anterior- para a recadación do tributo coñecido como a décima ou o subsidio do

clero. É esta unha taxa que grava todos os ingresos da clerecía dunha diocese e destinouse inicialmente a sufragar as actividades pontificias a prol dos Santos Lugares. Co paso do tempo esta contribución que inicialmente consistía no pagamento do 10% dos ingresos beneficiais acaba converténdose nun subsidio pagado polos eclesiásticos ó tesouro real de Castela; o seu valor segue sendo proporcional á renda dos beneficios pero está xa en función da cantidade total que debe achegar o estamento eclesial do reino. Neste proceso evolutivo non só se desvirtuará, en parte, o propósito inicial -pois se pagaba ó Papa- senón tamén o seu carácter caritativo e extraordinario. A finais do século XV, a décima, en forma de subsidio, é un ingreso moi importante e regular nas arcas da Facenda real de Castela.

Os procedementos levados a cabo no establecemento da taxa e na recadación tamén evolucionan, de modo que durante o século XIV se perfilan mecanismos e organigramas que estarán plenamente operativos no XV. O aspecto central deste sistema é a chamada taxación ou relación do que en cada diocese paga cada beneficio e que é froito de pescudas e acordos máis ou menos complexos. Este arancel ou relación de contribuíntes debe ser constantemente reelaborado, mentres a taxa a pagar é dunha décima parte dos ingresos (que poden variar co tempo) pero pode chegar a adquirir un contido informativo máis estable –que non permanente- cando o que recolle é unha taxación para o subsidio. Isto é o que ocorre nos últimos anos do século XV, cando o clero castelán debe abonar no seu conxunto a cantidade de 100.000 floríns de ouro do cuño de Aragón e así será durante un certo tempo.

O códice aquí estudado e editado, coñecido como *libro de Altamirano* contén precisamente a taxación do que se debe pagar de subsidio na Igrexa de Santiago de Compostela a finais do século XV. É unha exhaustiva relación de beneficios (máis dun milleiro) coa cantidade de marabedís que cada un deles debe achegar para completar a cantidade esixida á arquidiocese. Son suxeitos de contribución non só as parroquias senón tamén capelas, ermidas, fundacións laicas de certa entidade, mosteiros ou coenxías e dignidades catedralicias. É, en fin, un repertorio íntegro e minucioso do territorio diocesano e da súa topografía económica pois nel se conteñen todas e cada unha das entidades susceptibles de contribuír ás que se asigna unha cantidade de diñeiro en función dos seus ingresos.

O interese deste texto e a calidade da información que proporciona ós investigadores é evidente, así como a “usabilidade” dun documento destas características para o achegamento á realidade local da Igrexa compostelá a finais da Idade Media. Non obstante, non é o obxecto desta publicación abordar estes aspectos senón, simplemente, editalo e dar a coñecer o seu contido procurando proporcionar ó lector toda aquela información que lle permita valoralo, porque non ten que ser labor do paleógrafo ou diplomatista abordar o estudo en profundidade dos moi diversos aspectos que presentan as fontes que

analiza.

Desde esta perspectiva deben ser lidas as páxinas que seguen pois buscan, ante todo, explicar as razóns polas que se elaborou este documento, o porqué do seu contido e materialidade. Dado o carácter fiscal deste Libro do Subsidio, pasarase revista, en primeiro lugar, ó conxunto dos contribuíntes: organigrama da Igrexa compostelá, atribucións de cada grupo, os seus ingresos, a súa actividade. É sobre eles que se aplica este gravame e é preciso, por tanto, coñecer sequera os seus aspectos máis básicos.

Máis tarde será necesario abordar a cuestión da tributación eclesiástica. As dioceses, os mosteiros e outros beneficios rurais e urbanos achegaron, sobre todo na Baixa Idade Media e na Idade Moderna, importantes cantidades de diñeiro destinadas ó Papado ou á Coroa. O subsidio é, neste sentido, unha taxa un tanto exemplar posto que ilustra en certa medida como ten lugar a fiscalización rexia das rendas eclesiásticas e como, progresivamente, a obriga de pagar (ó Papa ou ó Rei) vai ampliando o número de contribuíntes e as cantidades e frecuencias de recadación.

Por último, dedicarase un espazo ó estudio do Libro en si, á súa materialidade, ás condicións de elaboración, ó contido, etc. Este volume é un modelo moi interesante do que podería denominarse documentación estatística, precisamente nun momento no que este tipo de escritos son moi escasos. Velái ó seu principal interese.

# ESTUDO

## A IGREXA DE SANTIAGO A FINAIS DO SÉCULO XV

As noticias ó noso alcance sobre a diocese de Santiago nos últimos anos do século XV son verdadeiramente concisas, en especial cando se investiga máis alá das entidades episcopal e capitular. Esta circunstancia débese, sobre todo, a que carecemos de conxuntos documentais significativos pertencentes ás igrexas locais e ás persoas que con elas se relacionan. Esta penuria evítase complementando as espalladas informacións procedentes de todo tipo de fontes dispoñibles. De modo sinxelo, pode afirmarse que os recursos ó noso alcance se dividen en tres grupos fundamentais: os de procedencia arcebispal, os vinculados ó cabido catedralicio e, finalmente, os nados en torno ás igrexas e capelas situadas en aldeas, vilas e cidades.

Os escritos arcebispais deste período, se ben constitúen o grupo máis importante conservado, tenden a tratar temas alleos á vida relixiosa diocesana para centrarse nas relacións do prelado coa Coroa ou cos cabaleiros da Terra de Santiago. Son contados os exemplares que rexistran noticias sobre a intervención do arcebispo noutras cuestións, a súa relación con arcediagos e arciprestes ou co clero local. Non obstante, dado que boa parte dos testemuños á nosa disposición proceden do ámbito procesual, estes proporcionan informacións relevantes que acostuman ter carácter recapitulativo e panorámico.

Pola contra, o *corpus* documental capitular é de gran riqueza. O feito de que esta corporación desenvolvese e puxese en funcionamento procedementos específicos e especiais para consignar por escrito todas e cada unha das súas decisións relevantes permítenos gozar neste momento dun importante conxunto de escrituras de grande utilidade á hora de abordar calquera investigación no espazo diocesano. Esta é unha institución de grande importancia política, eclesiástica e económica na diocese, posuidora dun relevante conxunto patrimonial espallado por toda ela e cuns escritos que conteñen noticias interesantes sobre os beneficios eclesiásticos e os seus posuidores, a tarefa que desenvolven os arcediagos ou sobre a percepción e reparto do décimo que pagan os fieis.

Fronte a todo isto, os documentos dispoñibles procedentes doutras entidades eclesiásticas son tamén significativos, pero non o é tanto -sobre todo cando se emprega unha perspectiva xeral- a calidade da información que proporcionan. Consérvanse escrituras procedentes de mosteiros, parroquias e,

mesmo, de particulares que atenden na maioría dos casos a temas de administración patrimonial, se ben un grupo minoritario deles combina estes asuntos con outros que poden inserirse en temáticas máis amplas. En calquera caso, como grupo, achegan interesantes datos que se inscriben nas realidades locais.

Observadas en conxunto, as fontes ó noso alcance proporcionan unha panorámica satisfactoria do que foi a diocese compostelá contra o cambio de século, algo difusa no singular pero abondo clara no xeral. Ante os nosos ollos presentan unha Igrexa -coas súas estruturas e individuos- que comeza a saír da degradación institucional e económica á que se viu sometida nas décadas anteriores .

### **A Igrexa por dentro: a administración diocesana**

As actividades encomendadas a cada igrexa diocesana son levadas a cabo por unha serie de persoas que exercen dentro dun organigrama xerárquico, onde cada individuo que ocupa un determinado cargo ou beneficio ten unhas funcións precisas. Todo o esquema administrativo e pastoral é froito dunha longa e complexa evolución que, para o caso compostelán, parece ter culminado neste período. É por esta razón que nas décadas finais do século XV este conglomerado de persoas e funcións aparece ante nós como algo máis ou menos claro e coherente, aínda que resulte un tanto difícil pescudar as razóns e etapas do proceso.

Na cúspide deste sistema atópase o bispo ó que a Igrexa encomendou o goberno da diocese. Está asistido -en principio en pé de igualdade, pero na práctica lixeiramente baixo a súa autoridade- polo cabido dos cóngos, que ten coma función principal atender o culto no templo catedralicio e dar consello ó prelado. A esta corporación pertencen un grupo de persoas que exercen -polo menos en teoría- tarefas relacionadas co goberno eclesiástico da diocese: son os arcediagos que actúan como representantes do bispo e son supervisores da actividade das igrexas locais. Xa sobre o terreo, espaxado ó longo do espazo diocesano, o clero regular e, sobre todo, o segrar é quen levan sobre si o peso da pastoral, do contacto cos fieis laicos, a administración dos bens, etc. Os arcediagos e arciprestes -basicamente delegados episcopais e arcedianais nun territorio máis ou menos amplo que agrupa varias parroquias- e as xuntanzas sinodais, que de forma periódica congregan todo o clero diocesano para comunicar noticias e mandatos de observancia xeneralizada, son o enlace entre ambos os dous niveis.

Todos estes actores aplícanse a un espazo xeográfico que abrangue gran parte das actuais provincias da Coruña e de Pontevedra. A nivel organizativo, este subdivídese en 5 distritos arcedianais (o

correspondente ó Deán e os dos arcediagos de Nendos, Trastámara, Salnés e Cornado<sup>1</sup>), ós que se suma un sexto situado fóra de Galicia (o arcediagado da Raíña<sup>2</sup>). Á súa vez, e tal como mostra o primeiro libro do Subsidio, cada unha destas demarcacións comprende outras de menor entidade (os arciprestados), que suman un total de 31, ás que se suma a correspondente á cidade de Santiago<sup>3</sup>. Cada arciprestado agrupa un número variable de beneficios parroquiais e capelanías<sup>4</sup>.

Paralelamente, existe toda unha rede de casas monásticas de implantación rural e urbana. A súa participación nos asuntos diocesanos é un tanto tanxencial, posto que en principio moitas delas están exentas da suxeición á autoridade episcopal<sup>5</sup> e, ademais, non teñen obriga de exercer –directa ou indirectamente– labores pastorais; dado que tampouco se lles prohiben, a súa intervención está relacionada coa posesión de beneficios parroquiais ou co exercicio da predicación, casos nos que si terán que observar a normativa xeral e diocesana ó respecto.

## 1. O arcebispo

A figura episcopal atópase á cabeza da estrutura administrativa e espiritual da diocese. Segundo o dereito e a tradición eclesiástica, o bispo ten unha serie de obrigas moi precisas, así como certas atribucións inherentes á súa dignidade. En efecto, certas prerrogativas pertencenlle mercé á consagración episcopal, á marxe da sé que presida<sup>6</sup> e non poden ser delegadas senón noutro prelado: a consagración e reconciliación de altares e igrexas, a ordenación de cregos, a confirmación dos fieis ou a preparación do

---

<sup>1</sup> A título exclusivamente ilustrativo v. *Guía del Arzobispado de Santiago de Compostela*. Santiago, 1982.

<sup>2</sup> PÉREZ RODRÍGUEZ, F.J., "El Arzobispado de Santiago de Compostela en tierras de Zamora y Extremadura: El arcedianato de Reina y el vicariato de Alba y Aliste (ss. XIII-XIV)," *Compostellanum* 39, no. 3-4 (1994): pp. 316-326.

<sup>3</sup> Son os de Abegondo, Barbeiros, Barcala, Benvexo, Bergantiños, Berreo, Bezoucos, Céltigos, Cerveiro, Cotobade, Dubra, Entíns, Faro, Ferreiros, Insua, Iria, A Maía, Montes, Moraña, Morrazo, Nemancos, Piloño, Postmarcos, Pruzos, Ribadulla, Seaia, Sobrado, Soneira, Tabeirós, Vama, Xanroxo e Xiro de Santiago.

<sup>4</sup> Segundo os datos proporcionados polo Libro, existe bastante desigualdade entre estes distritos. Así, mentres os de Faro ou Postmarcos acollen máis de 50 entidades (entre parroquias, ermidas e hospitais) outros como Ínsua ou Bama rondan a decena.

<sup>5</sup> Este é o caso, por exemplo, das casas cistercienses ou mendicantes, directamente suxeitas ó Papa.

<sup>6</sup> Por exemplo, os bispos coñecidos como *in partibus infidelium* ou titulares de sés que non poden ser ocupadas persoalmente por se atopar en terras de infieis ou carecer de fieis, están canonicamente capacitados para exercer estas funcións denominadas pontificais. ROCK, P.M.J., "Auxiliary bishop," en *The Catholic Encyclopedia* (New York, 1907); ARGÜELLES, J.M., *Dissertación histórico-teolóxica sobre los obispos titulares*. Madrid, 1765; ANDREUCCI, A.H., *The episcopo titulari seu in partibus infidelium. Tractatus canonico-theologicus*. Romae, 1732; BOUDINHO, A., "In Partibus Infidelium," en *The Catholic Encyclopedia* (New York, 1907); CÁRCEL, V., "Obispos auxiliares," en *Diccionario de Historia Eclesiástica de España* (Madrid, 1972-87), v. III, pp. 1791-1797. Para o caso de Santiago v. VÁZQUEZ BERTOMEU, M., "Obispos *in partibus infidelium* en la archidiócesis compostelana (1405-1524)," *Hispania Sacra* 54, n° 109 (2002): pp. 199-226.



crisma. Na diocese, entre os seus deberes consta o de supervisar e administrar os bens da Igrexa, asistir o clero nas súas tarefas de instrución, predicación e evanxelización dos fieis, o exercicio da caridade, etc.; noutras palabras, gobernar o patrimonio e almas que lle foron confiados. Dispón para iso de capacidade lexislativa, executiva e xurisdiccional que pode exercer persoalmente ou a través doutras persoas.

Os arcebispos de Santiago dispoñen ademais dun importante e complexo señorío político e dun amplo conxunto patrimonial<sup>7</sup> e a súa dignidade ten un carácter senlleiro dentro do reino pois os prelados non só son capeláns reais e notarios maiores do reino de León senón que historicamente foron protagonistas de primeira liña nos acontecementos políticos<sup>8</sup>. E por este motivo que no estudio das súas actuacións deben terse sempre en conta circunstancias tales como a concorrencia do apoio real no seu nomeamento, a conxuntura política do reino ou a súa pertenza a determinadas liñaxes<sup>9</sup>.

No período que nos ocupa, estas atribucións e responsabilidades recaen sobre D. Alonso de Fonseca e Acevedo que exerce como arcebispo entre 1462 e 1507, cando é elevado á dignidade de Patriarca de Alexandría e sucedido na sé por D. Alonso de Fonseca e Ulloa<sup>10</sup>. O seu mandato, de gran duración, sofre importantes sobresaltos, primeiro de forte cariz militar e, máis tarde, xudicial. Houbo de combater polas armas o seu pertegueiro maior Bernal Eáns de Moscoso -ó que se uniran algúns concellos e parte do seu cabido-; máis tarde, a furia irmandiña -na que tamén participaban os concellos, parte do cabido e do clero diocesano-; e, finalmente, a maioría dos cabaleiros da Terra de Santiago que

---

<sup>7</sup> GONZÁLEZ VÁZQUEZ, M., *El Arzobispo de Santiago, una instancia de poder en la Edad Media (1150-1400)*. Sada, 1996. VÁZQUEZ BERTOMEU, M., "La escritura y su uso: la mesa arzobispal compostelana a fines del siglo XV," *Anuario de estudios medievales* 31/1 (2001): pp. 401-428. VÁZQUEZ BERTOMEU, M., "El Arzobispo Don Alonso II de Fonseca, notas para su estudio," *Cuadernos de Estudios Gallegos* 47, no. 112 (2000): pp. 81-131.

<sup>8</sup> Sorprendentemente, desde López Ferreiro apenas se realizaron novas achegas a este tema, a pesar da gran cantidade de fontes dispoñibles. Só García Oro, nas súas obras -forzadamente sintéticas pola súa temática- retomou esta cuestión (GARCÍA ORO, J. & PORTELA SILVA, M.J., *Os Fonseca na Galicia do Renacemento: da guerra ó mecenado: estudio e colección documental*. Noia, 2000; GARCÍA ORO, *Galicia, loc. cit.*)

<sup>9</sup> Cando o arcebispo é nomeado mercé a un apoio rexio é en certa medida representante seu en Galicia ou, polo menos, sustento da súa política neste territorio. D. Lope de Mendoza e D. Alonso de Fonseca I e o II merecen ser cualificados como prelados cortesáns. No caso que nos ocupa, este feito pode ter aínda unha maior relevancia porque son os bispos quen, xunto cos cabidos, aproban e negocian contribucións da Igrexa de Castela ó seu rei. Sobre a intervención rexia na elección dos bispos, o seu papel como conselleiros na Corte ou a progresiva intervención da Coroa en certos aspectos eclesiásticos v. NIETO SORIA, J.M., *Iglesia y génesis del Estado Moderno en Castilla*. Madrid, 1993.

<sup>10</sup> Brevemente as biografías dos dous prelados en VÁZQUEZ BERTOMEU, "El arzobispo"; SENDÍN CALABUIG, M., *El colegio mayor del colegio mayor del arzobispo Fonseca en Salamanca*. Salamanca, 1977; pp. 27-65.. Tecnicamente o seu sucesor é Pedro Luis Borja, que resignou inmediatamente a sé en Alonso de Fonseca III, de modo que a sucesión entre os dous Fonseca non resulta demasiado escandalosa.

tentaron resistir os seus devezos por recuperar de modo efectivo o señorío e autoridade propia da mitra compostelá. O protagonismo central de Fonseca nestes acontecementos non se debe só á súa calidade de prelado e señor da Terra de Santiago, senón tamén ó seu interese por recuperar e consolidar o poder da súa sé e, non en menor medida, á súa condición de firme defensor das posicións isabelinas en Galicia dentro dun contexto de conflito sucesorio no reino castelán<sup>11</sup>. A chegada da estabilidade política a Castela non supón, necesariamente, o final destas liortas, pero a intervención directa da Coroa xerou bases sólidas para as canalizar dun modo menos violento e custoso. Coa creación da Real Audiencia de Galicia en 1480 ten lugar o nacemento dun foro en certo modo neutral para dirimir as diferenzas e é o inicio dunha intervención, arredada pero efectiva, dos reis e dos seus oficiais nas dinámicas políticas de Galicia<sup>12</sup>. O nomeamento de Fonseca como presidente da Chancelería de Valladolid implica o seu afastamento -físico que non político nin gobernativo- dos focos de conflito nos anos 90. A actividade expeditiva dos axentes reais, o falecemento de boa parte dos protagonistas máis involucrados e un lento rexurdir económico facilitarán un certo clima de paz social e económica.

É difícil establecer de que xeito todas estas circunstancias inflúen ou determinan o goberno de D. Alonso de Fonseca como arcebispo. As fontes deste período informan sobre todo, e en ocasións con gran detalle, sobre os conflitos políticos e as súas derivacións militares de modo que tenden a ensombrecerse outras facetas deste mandato pero existen tamén noticias sobre outros asuntos que inducen a pensar na existencia de cambios duradeiros. As informacións de que dispomos tenden a concentrarse na última década do século XV, pero os indicios apuntan máis atrás. O perfil marcadamente político da persoa e actividade deste prelado definen tamén as súas prioridades centradas máis na defensa do patrimonio e dereitos da súa Igrexa que no pastoral<sup>13</sup>.

Os conflitos con cabaleiros e concellos do señorío compostelán son omnipresentes ó longo de todo o pontificado, no que se alternan períodos de agravamento con momentos de relativa

---

<sup>11</sup> GARCÍA ORO, *Galicia, loc. cit.*; LÓPEZ FERREIRO, *Galicia en el último tercio del siglo XV*; BARROS GUIMERÁNS, C., *A Mentalidade xusticieira dos irmandiños*. Vigo, 1988; LÓPEZ CARREIRA, A., *Os Irmandiños*. Vigo, 1992; PARDO DE GUEVARA Y VALDÉS, E., *Los Señores de Galicia: tenentes y condes de Lemos en la Edad Media*. A Coruña, 2000; v. I, 343-412.

<sup>12</sup> Sobre a importancia da figura rexia no imaxinario social medieval e o seu papel de mediación entre os diversos sectores cfr. BARROS GUIMERANS, C., *¡Viva El-Rei!: ensaios medievais*. Vigo, 1996.

<sup>13</sup> Sorprendentemente, e ó contrario do que cabería esperar, son estas facetas as que son mellor valoradas polos seus contemporáneos, tal e como confesan moitas testemuñas do preito coñecido como Tavera-Fonseca: *tubo al dicho señor Patriarca por muy buen perlado en todo el tiempo quel fue arçobispo de Santiago e por buen señor e trataba bien sus basallos e que pedía e demandaba los vienes de la Iglesia e los defendía e que por los defender e anparar muchas veces tenía guerras* (RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, A., *Las Fortalezas de la mitra compostelana y los irmandiños: Pleito Tabera-Fonseca*. La Coruña, 1984; v. II, p. 396 e tamén 422 e 573.)

tranquilidade. Finalizada a guerra coa nobreza da Terra de Santiago, o envite máis forte será o presentado polas cidades e vilas, especialmente Santiago, que tentarán recortar os dereitos arcebispais e resistirán ó pagamento de impostos. Os dous asuntos acaban dando lugar a diversos procesos xudiciais de moi longa duración<sup>14</sup>.

Pero é a recuperación da Facenda arcebispal o movemento máis antigo e consistente que pode detectarse. As contabilidades desta parcela administrativa correspondentes ós períodos 1480-81 e 1486-91 confirman a existencia dun importante esforzo de reorganización e clarificación dos procedementos de recadación e gasto, de optimización de recursos e a existencia dun organigrama de persoas e instancias que parece funcionar de maneira máis ou menos satisfactoria<sup>15</sup>. A cronoloxía destes escritos se cadra non é casual, senón consecuencia dunha actividade organizativa e da fin das fases máis virulentas dos conflitos armados. Salvo casos illados de usurpación ou resistencias, a porcentaxe de rendas pertencentes á mesa arcebispal que son recadadas é case maioritario. Estes fondos son os que permitirán ó prelado gratificar os seus colaboradores máis inmediatos e afrontar o custo do seu goberno.

No ámbito da igrexa diocesana, as noticias están moi espalladas e as máis interesantes agrúpanse, precisamente, contra 1500. Coñecemos a existencia dun único sínodo diocesano<sup>16</sup>, pero non debemos descartar a existencia doutros aínda que non cabe pensar na súa celebración anual<sup>17</sup>. Estas asembleas, nas que se reúne o clero diocesano baixo presidencia do prelado ou o seu representante, resultan de grande importancia para valorar un goberno eclesiástico e o interese do seu reitor polos temas pastorais e, por iso, deben ser tidas moi en conta, pero a carencia de noticias non debe polo momento analizarse como algo concluínte, xa que boa parte destes encontros seguramente tiveron como contido básico exhortacións orais e, sobre todo, a lectura de estatutos e constitucións sinodais e conciliares anteriores ou a decisión de posturas comúns fronte a problemas colectivos<sup>18</sup>. Pode presentarse, como hipótese, a

---

<sup>14</sup> O preito presentado polo concello compostelán acerca do dereito do prelado a nomear a parte dos seus integrantes -que supón cuestionar o seu dereito ó señorío- continúa con maiores ou menores complicacións ata ben entrada a Idade Moderna (LÓPEZ DÍAZ, M., *Señorío y municipalidad: concurrencia y conflicto de poderes en la ciudad de Santiago (siglos XVI-XVII)*. Santiago, 1997). Outro tanto ocorre coas resistencias á tributación episcopal, sobre todo as chamadas alcabalas dos *reguengos* (FERNÁNDEZ CORTIZO, C., "Las Alcabalas enajenadas en la provincia de Santiago, los "reguengos" de la mitra compostelana (ss. XV-XIX)" *Obradoiro de Historia Moderna* 2 (1993): pp. 127-142)

<sup>15</sup> VÁZQUEZ BERTOMEU, M., *La hacienda arzobispal compostelana: libros de recaudación (1481-83 y 1486-1491)*. Santiago, 2002.

<sup>16</sup> En realidade só temos a noticia da súa celebración en 1465 (GARCÍA Y GARCÍA, A., *Synodicon hispanum. I, Galicia*. Madrid, 1981; p. 333).

<sup>17</sup> Se cadra teñen lugar cun ritmo máis próximo ó trienal, pois Inocencio IV concedeu ós prelados composteláns privilexio de os celebrar con este intervalo e non anualmente.

<sup>18</sup> Moitas destas xuntanzas non deron lugar a constitucións ou estatutos -documentos máis

celebración de xuntanzas sinodais en varios momentos ó longo do seu mandato: contra 1472, cando o clero de Castela se resiste e busca negociar co legado Rodrigo Borja o subsidio concedido polo Papa ós reis<sup>19</sup> e en 1497, cando Fonseca tenta impor como obrigatorio o uso e compra dos breviarios impresos por Juan de Porras<sup>20</sup>.

O prolongado estado de guerra e, posteriormente, a ausencia do prelado obríganlle a deseñar un esquema gubernativo estable e consistente para poder facer fronte ás súas obrigas como pastor de almas. Así, os documentos de colación de beneficios eclesiásticos son outorgados por Fonseca, pero tamén polo seu provisor; outro tanto ocorre co exercicio da xurisdición, exercida por este mesmo personaxe<sup>21</sup>. Un documento de 1467 informa de modo claro e preciso cales son as funcións deste oficial: *presentar beneficio alguno simple, nin curado, nin proueer de ofiçio nin beneficio, calongia, nin dignidad, abadia, nin prioradgo... jurisdición contenciosa, conosciendo e librando e determinando las cosas que ante el penden o pendieren ontre partes o de su ofiçio çeuiles, criminales, espirituales e temporales*<sup>22</sup>. Noutras moitas dioceses, como aquí, esta figura existe desde tempo atrás e ten como misión principal liberar o bispo dos asuntos e trámites máis cotiáns da súa xurisdición (civil, criminal e de graza)<sup>23</sup>. O máis innovador a este respecto é a aparición do vigairo como funcionario diferenciado do provisor; o seu perfil é o dun *alter ego*, coas limitacións inherentes a un non bispo, da persoa e atribucións episcopais xa que exerce tarefas de goberno e representación no espiritual e no temporal<sup>24</sup>.

O exercicio das funcións episcopais só pode delegarse en quen fose ordenado de pontificais. É neste contexto onde debe interpretarse a presenza en Santiago de varios individuos: D. Vasco de Bite,

---

doadamente conservables e identificables por nós- posto que a súa misión básica é servir de punto de encontro, de foro de circulación de ordes e noticias: os prelados e os seus colaboradores ven de primeira man o sentir do clero e este coñece as instrucións e orientacións do seu bispo. Sobre os diferentes mecanismos de comunicación existentes na Igrexa, dos que os sínodos son parte integrante fundamental v. MENACHE, S., *The Vox Dei. Communication in the Middle Ages*. Oxford, 1990; pp. 41-123.

<sup>19</sup> Sobre a legación de Rodrigo Borja v. *infra*. Non se atopou noticia ningunha sobre subsidios caritativos concedidos por este clero -moitas veces reunido en sínodo- ó seu bispo en momentos de dificultades económicas, aínda que se cadra si existiron en momentos puntuais como as campañas para levantar o cerco de Pontevedra.

<sup>20</sup> Os representantes capitulares que foron varias veces a negociar co arcebispo sobre este tema refrense ás queixas da clerecía e arróganse a súa representación (ACS, Leg. 699 A-B, fº 236v; e Actas Capitulares [AC] III, fº 88r, 89v, 168r). Acerca da impresión de libros litúrxicos en Santiago nesta época v. ODRIOZOLA, A., "Libros litúrgicos impresos para la diócesis compostelana" *Cuadernos de Estudios Gallegos XXX*, no. 90-92 (1977): pp. 89-107.

<sup>21</sup> Sobre a audiencia episcopal de Santiago no século XV v. VÁZQUEZ BERTOMEU, M., "La Audiencia arzobispal compostelana en el siglo XV" *Ibid.*45, no. 110 (1998): pp. 10-29.

<sup>22</sup> ACS, AC I, fº 19r.

<sup>23</sup> Cfr. nota *supra* e FOURNIER, P., *Les officialites au Moyen Age*. Aalen, 1984.

<sup>24</sup> VÁZQUEZ BERTOMEU, "El arzobispo" pp. 115-131.

bispo de Sebaste; D. Diego de Saldaña, abade de Conxo e bispo de Berito e D. Alonso de Castilla, tamén de Berito<sup>25</sup>. As competencias do bispo de Sebaste quedaron plasmadas nun fragmentario documento de 1467<sup>26</sup> pero lamentablemente non é posible verificar o seu exercicio con outros escritos. A actividade máis documentada é a de D. Alonso de Castilla, que exerceu como visitador diocesano en 1500.

Á vista de todo isto, non pode falarse dunha diocese desgobernada a pesar dos conflitos bélicos e da ausencia de Fonseca. Establécense organigramas e procedementos que permiten suplir e afrontar estas carencias e cóstanos fidedignamente o puntual seguimento dos acontecementos e sucesos gubernativos por parte do prelado. Continuouse exercendo a xurisdición ordinaria, recadáronse as rendas, outorgáronse beneficios, emprendéronse ou respondéronse procesos xudiciais ante as máis diversas instancias e visitáronse igrexas e beneficios da diocese. É isto, en principio, o que cabe esperar dun bispo diligente.

## 2. O cabido

O cabido catedralicio -a corporación formada polos beneficiados cóengos que serven o culto da igrexa catedral- é, xunto ó bispo, a cúspide visible da Igrexa diocesana. Concibidas inicialmente como un pequeno senado para asesorar e auxiliar o prelado, o certo é que na Baixa Idade Media estas institucións, e a de Santiago como todas as demais, perderon boa parte do seu protagonismo na organización e coidado de cregos e fieis e ocúpanse, sobre todo, das celebracións litúrxicas na catedral e da administración dos bens que, para cumprir esa misión, lles foron outorgados<sup>27</sup>. Cotitular teórico da sé e señorío arcebispal, o cabido de Santiago foi en certo modo desprazado polos seus propios bispos aínda que sen perder por completo a súa posición; tras o prelado é a instancia eclesiástica de maior relevancia no territorio compostelán e ve elevado o seu rango nos períodos de sé vacante ó exercer con plenitude as potestades gubernativas episcopais.

Está constituído por uns setenta cregos que gozan dun beneficio canonical e organízase internamente nunha xerarquía que preside o deán, a quen seguen as dignidades (o chantre, os cinco

---

<sup>25</sup> *Ibid.*: pp. 127-130 e VÁZQUEZ BERTOMEU, "Obispos". Baixo o epígrafe das correspondentes dioceses en EUBEL, K., *Hierarchia Catholica Medii [et recentiores] Aevii sive Summorum Pontificum, S.R.E. cardinalium*. Münster, 1913-1978; v. II e III.

<sup>26</sup> ACS, AC I, fº 19r.

<sup>27</sup> Sobre o cabido compostelán na Baixa Idade Media v. PÉREZ RODRÍGUEZ, F.J., *El dominio del cabildo catedral de Santiago de Compostela en la Edad Media (siglos XII-XIV)*. Santiago, 1994; PÉREZ RODRÍGUEZ, F.J., *La Iglesia de Santiago de Compostela en la Edad Media, el cabildo catedralicio (1100-1400)*. Santiago, 1996; VÁZQUEZ BERTOMEU, M., *La institución notarial y el cabildo compostelano (1460-1481)*. Santiago, 1996.

arcediagos, o mestrescola e o tesoureiro), sete cardeais, dous xuíces (de Vilvestro e Luou) e cincuenta e dous cóengos<sup>28</sup>. É un órgano colexiado, onde as decisións se toman por maioría durante unha asemblea ou xuntanza capitular e os seus membros son designados polo arcebispo, o cabido ou polos dous conxuntamente a medida que se producen vacantes. Estas circunstancias fan deste grupo un interesante expoñente da clerecía diocesana, pois no seu seo acostuman estar representadas as liñaxes nobiliarias e burguesas máis importantes, os familiares dos prelados pasados e presentes e algúns individuos de filiación ambigua ou descoñecida que chegaron ata alá por méritos propios<sup>29</sup>.

Aínda que practicamente carece de competencias na organización da vida eclesiástica diocesana, o cabido é parte integrante e interesante de moitos procesos relacionados con ela. Un bo número dos seus beneficiados participa activamente na administración episcopal como recadadores, xuíces dos distintos tribunais, visitadores, etc.; trátase xeralmente de individuos vinculados persoalmente ó prelado por lazos de parentesco ou familiaridade. Como grupo, os cóengos administran un dos conxuntos patrimoniais máis importantes e sólidos da Terra de Santiago<sup>30</sup>, que se concreta non só na posesión de inmobles senón tamén de beneficios eclesiásticos e rendas decimais procedentes das parroquias rurais e urbanas; cada un dos seus integrantes, posúe ademais para o seu proveito persoal un lote de bens e rendas de entidade variable que lle proporciona sustento e permítelle afrontar os custos inherentes ó seu cargo (a prebenda<sup>31</sup>). Frecuentemente versados en dereito pero tamén en teoloxía constitúen sen dúbida a título individual e colectivo un referente inescusable no cultural. Son, en fin, a elite do clero secular de cada diocese.

As especiais circunstancias que vive a Igrexa compostelá na segunda metade do século XV e nas primeiras décadas do XVI contribuíron en certo modo a reforzar esta posición. Durante os dous primeiros decenios do mandato fonsecano -isto é, ata 1481, cando parte para a Corte- é evidente a loita dos capitulares por gañar relevancia, por ocupar aqueles espazos que deixa a discontinua presenza do prelado en Santiago e por facer fronte ó seu interese para dobregar as disidencias capitulares. Durante o conflito irmandiño, o cabido eríxese como representante eminente da posición eclesiástica -que non señorial- da Igrexa compostelá; adhírese á irmandade; participa total ou parcialmente nos seus

---

<sup>28</sup> A eles cabe engadir, só a certos efectos, os doce racioneiros -beneficiados que gozan das rendas de media coenxía- e catro dobreiros -cóengos que suplen as dignidades máis importantes nos actos litúrxicos-.

<sup>29</sup> Os perfis biográficos dos coengos de Santiago ó final do século XV en LÓPEZ FERREIRO, *Historia*. v. VII, pp. 362-385; VÁZQUEZ BERTOMEU, *La institución*. v. I, pp. 108-125.

<sup>30</sup> PÉREZ RODRÍGUEZ, *El dominio*.

<sup>31</sup> Entre outros bens ou dereitos, estas prebendas usufrutúan partes sen cura de beneficios eclesiásticos e os chamados *prestamos* arcebispais.

programas políticos de paz e erradicación de abusos señoriais -dos que era obxectivo preferente ó igual que os mosteiros e igrexas locais-; e asume o goberno da diocese<sup>32</sup>. Desde 1467, cando Fonseca recupera o seu señorío e a cidade, sucédense unha serie de enfrontamentos de índole interna co seu cabido por razóns que, polo momento, non poden discernirse pero que, moi posiblemente, se relacionan con dous factores: os conflitos do prelado cos concellos da Terra de Santiago e o programa de centralización e reforzamento da autoridade e prerrogativas arcebispais<sup>33</sup>. Pouco a pouco, o ritmo e cadencia das liortas retárdase, se ben cada movemento episcopal contra privilexios e costumes capitulares será fortemente contestado.

Os acontecementos deste período deixan entrever a posición da entidade capitular como referente para o resto do clero diocesano e como o seu representante ante outras instancias. Como institución posúe bens e rendas espalladas ó longo de todo o territorio diocesano, entre as que se atopan un bo número de beneficios parroquiais e sinecuras; os seus administradores sobre o terreo son os propios cóngos que gozan ademais de ingresos propios en ocasións procedentes tamén de igrexas rurais e urbanas; o deán e os arcediagos -como se verá máis adiante- son dignidades integradas na vida pastoral da diocese. Á luz de todo iso, non debe estrañar a súa situación privilexiada e o seu interese por exercer algún tipo de intercesión entre o clero parroquial e o prelado ou a corte real ou pontificia.

Esta intermediación, para o caso que nos ocupa, plásmase en varias accións concretas. Ó ser cotitular -polo menos teórico- da sé compostelá, o cabido atópase presente nas xuntanzas sinodais; fano algúns dos seus membros como integrantes do corpo arcebispaal pero tamén a institución como correxente diocesana e como grupo interesado no que alá se decide. Asume a defensa da xurisdición eclesiástica cando en 1468 -por ausencia do prelado e o seu provisor- ordena habilitar un cárcere para recluír os cregos delincuentes. Representa os intereses da clerecía cando vai ás distintas asembleas nas que o clero castelán resiste e negocia o pagamento de subsidios pontificios e reais ou cando transmite ó prelado a negativa de párrocos e capeláns a adquirir e usar en exclusiva os breviarios impresos por Juan de Porras. É factible pensar na súa intervención ante a corte pontificia para conseguir cartas e mandatos que castiguen a posesión e ilegal gozo de beneficios e rendas eclesiásticas por parte dos laicos.

A vinculación directa da institución capitular coas igrexas parroquiais e capelanías ten lugar a través de dúas vías. A primeira é a protagonizada polos propios cóngos que, como administradores dos beneficios capitulares ou a título individual como prebendados, perciben unha parte dos ingresos

---

<sup>32</sup> Máis polo miúdo esta cuestión en VÁZQUEZ BERTOMEU, *La institución*. v. I, pp. 2-41.

<sup>33</sup> Ver nota *supra*.

xerados nelas ou exercen o dereito a designar o crego que os servirá. É necesario advertir que a maior parte dos beneficios que ten o cabido e os cóngos como parte da súa prebenda son sinecuras, é dicir, partes maiores ou menores de igrexas e capelanías que non teñen obriga ningunha de servir persoalmente nin a través doutra persoa; gózanse polo mero feito de ter recibido a colación delas. Xunto a eles, o dereito de padroado –tanto se se exerce sobre un beneficio con cura de almas ou sen ela– confire a quen o posúe a facultade de designar o crego que o ocupe e xera uns certos réditos anuais<sup>34</sup>.

Por outra parte, algunhas das dignidades capitulares teñen funcións que se insiren plenamente na administración e pastoral diocesana. Son o deán e os arcediagos. Desde 1177, o territorio da diocese compostelá queda dividido en cinco distritos: o deado e os arcediagos de Nendos, Cornado, Trastámara e Salnés<sup>35</sup>. Cada un deles –rexido polo deán e os correspondentes arcediagos– é unha verdadeira vigairía episcopal na que se exercen importantes competencias. A cada un na súa demarcación correspóndelle o dereito e a obriga de visitar persoalmente as igrexas, exercer a xurisdición eclesiástica, presentar os candidatos a recibir as ordes clericais e vixiar a instrución e comportamento do clero secular. Baixo o seu directo control atópase toda unha rede de arciprestes que exercen pola súa delegación en espazos menores<sup>36</sup>. Na documentación que conservamos son moi escasas as referencias á súa intervención no eido local, se ben os sínodos diocesanos proporcionan interesante información sobre o seu labor, procedentes sobre todo do século XIV<sup>37</sup>. As súas repetidas ausencias da cidade de Santiago e o carácter vitalicio do cargo poden moi ben ter conducido como noutros lugares a unha potenciación da figura do arcipreste, verdadeiro axente episcopal sobre o terreo<sup>38</sup>.

A eles habería que sumar, no caso compostelán, os sete cardeais *more romanae ecclesiae* que son titulares das sete parroquias da cidade de Santiago<sup>39</sup>.

---

<sup>34</sup> Sobre as cuestións legais e xerais dos beneficios parroquiais v. GAUDEMET, J., *Le gouvernement de l'Église à l'époque classique: le gouvernement local*. Paris, 1979; pp. 245-281.

<sup>35</sup> PÉREZ RODRÍGUEZ, *La Iglesia*. pp. 208-231; VÁZQUEZ BERTOMEU, *La institución*. v. I, pp. 38-39. A eles sumárase no 1254, como xa se dixo, o arcedianato da Raña.

<sup>36</sup> GAUDEMET, *Le gouvernement*. pp. 305-319.

<sup>37</sup> GARCÍA Y GARCÍA, *Synodicon*. Sínodo de 1229 (p. 266), 1309 (p. 286 y 287), 1337 (p. 310), 1390 (p. 314) y 1435 (p. 326).

<sup>38</sup> V. ó respecto as interesantes consideracións do Prof. García y García en GARCÍA Y GARCÍA, A., "Parroquia, arcedianato y arciprestazgo. Origen y desarrollo," en *Parroquia y arciprestazgo en los Archivos de la Iglesia. Memoria Ecclesiae VIII* (Madrid, 1996), pp. 16-40.

<sup>39</sup> Sobre esta figura, non privativa de Santiago, v. KÜTTNER, E., "Cardinalis: the history of a canonical concept," *Traditio* III (1945): pp. 129-215; VÁZQUEZ BERTOMEU, *La institución*. v. I, pp. 87-89; PÉREZ RODRÍGUEZ, *La Iglesia*. pp. 78-80.



### 3. A clerecía secular

Os cregos que serven os distintos beneficios parroquiais, sinecuras e capelanías en aldeas e cidades conforman un grupo tan heteroxéneo como diversas son as realidades locais da diocese de Santiago. En primeiro lugar, non todos son presbíteros posto que esta é unha condición requirida só naqueles casos nos que se exercerá a cura de almas ou se oficiará consagración eucarística; así, moitos beneficios simples ou sinecuras, suplencias, vicairatos e capelanías son ocupadas por diáconos ou por ordenados de menores. Ademais, tampouco o seu oficio é equivalente e mentres algúns deben administrar os sacramentos e coidar dun nutrido grupo de almas outros teñen como único deber officiar certo número de aniversarios ó ano, designar a un substituto –cando o titular ten licenza para non residir no beneficio– ou, simplemente, cobrar a renda que lle corresponde (sinecuras). No capítulo de ingresos –cos que o crego debe facer fronte ó seu sustento– tamén existen importantes desigualdades que teñen a súa orixe na cantidade e riqueza dos fieis (contribuíntes do décimo), os propios bens da igrexa ou beneficio, a presenza de varios cregos nunha mesma igrexa ou a concorrencia de dereitos de padroado (que desvían para o seu titular unha parte dos rendementos). Culturalmente percíbense tamén disparidades que dalgún modo tenderán a emparellarse cos ingresos beneficiais, de modo que son os mellor formados e relacionados os que gozan dos postos máis pingües. O seu oficio concrétese, entre outras cousas, no coidado das almas postas baixo a súa responsabilidade –se é un beneficio curado– ou no cumprimento da vontade explícita dunha determinada persoa ou grupo –se é unha capelanía ligada á celebración de certas misas ou aniversarios anuais–; debe, ademais, custodiar e administrar correctamente o patrimonio que se lle concedeu –en usufruto– para facer fronte á súa tarefa<sup>40</sup>.

Ó longo do século XV, nun contexto de crise e tensión social, económica e política, un bo número de cabaleiros e escudeiros galegos atopan nos bens eclesiásticos un remedio rápido e eficaz para reforzar as súas débiles bases económicas. Un dos seus obxectivos preferentes serán os beneficios situados en igrexas rurais e as rendas deles derivadas chegarán ás súas mans pola forza ou pola vía do *encorozamento*, é dicir, nomeando un crego disposto a desviar para o seu señor os ingresos do beneficio<sup>41</sup>. É un proceso que degrada de modo constante e case permanente non só a quen goza un beneficio parroquial ou unha capelanía ó levalo en ocasións ós límites da supervivencia física senón que tamén impide un correcto funcionamento das actividades relacionadas coa cura de almas ó desviarse os recursos

---

<sup>40</sup>

GAUDEMÉT, *Le gouvernement*. pp. 245-281.

<sup>41</sup>

FERNÁNDEZ ALONSO, "Los beneficios".

necesarios para o mantemento do templo e os ornamentos, a predicación...<sup>42</sup>

Os arcebispos de Santiago tentarán crear unhas condicións mínimas para o desenvolvemento da vida espiritual da súa diocese e legislarán sobre iso nas asembleas sinodais. Esixirán uns coñecementos mínimos ós cregos con obriga de cura de almas (gramática e canto), imporán sancións severas ós usurpadores dos beneficios e tentarán asegurar uns ingresos mínimos ós beneficiados<sup>43</sup>.

Organicamente, no clero repartido pola diocese pódense distinguir dúas categorías distintas. Por un lado, estarían os arciprestes, ós que lles correspondería exercer como vigairos arcedianais nun distrito formado por un número indeterminado de parroquias e beneficios (entre 10 e 60). Segundo os escasos documentos coñecidos sobre a súa actividade e os textos sinodais composteláns e doutras igrexas galegas, estes teñen un relevante protagonismo como enlace entre a autoridade e administración arcebispal e a clerecía local<sup>44</sup>.

Por outro lado e, en certo modo, supeditados a eles, atopamos a toda unha pléiade de cregos que atenden parroquias, capelanías ou ermidas<sup>45</sup>. Á luz da información proporcionada polo libro do subsidio, a atención ós fieis, a administración dos sacramentos e o servizo das fundacións para aniversarios realízanse a través dun número importante de formas beneficiais; ademais das parroquiais (cos seus curatos e sinecuras), están as capelanías, os *anais* (dotacións de aniversarios anuais) e outras relacionadas con igrexas non parroquiais, que posiblemente son ermidas ou oratorios con rendas propias que realizan certos servizos pastorais pero que dependen dun templo parroquial para ritos tales como o bautismo<sup>46</sup>. En cada unha delas, moran os distintos cregos que en moitos casos deben compartir e

---

<sup>42</sup> Nos sínodos celebrados no tempo de D. Lope de Mendoza hai bastantes noticias sobre este problema e tamén descricións bastante ilustrativas da situación: *en nuestro arzobispado estan muchas iglesias curadas onde non se administran los oficios divinales a los feligreses dellas por razon de la pobreza de las curas, lo unno porque falesçieron las rentas por defecto de los feligreses que se finaron, lo otro por quanto algunos benefiçios fueron partidos de las curas por ocuparlos algunos leigos* (Sínodo de 1435, ed. en GARCÍA Y GARCÍA, *Synodicon*. pp. 323-324.)

<sup>43</sup> Esta normativa está recollida nos estatutos sinodais deste período (*Ibid.*, *loc. cit.*)

<sup>44</sup> GARCÍA Y GARCÍA, "Parroquia".

<sup>45</sup> Sobre a clerecía no período medieval e o ambiente espiritual v. BROOKE, R. & BROOKE, C., *Popular religion in the Middle Ages*. New York, 1996; SWANSON, R.N., *Religion and devotion in Europe, c. 1215-1515*. Cambridge, 1995; pp. 291-299; SÁNCHEZ HERRERO, J., *Las diócesis del Reino de León. Siglos XIV y XV*, León, 1978; pp. 239-281; PORTELA SILVA, E. & PALLARES MÉNDEZ, M.C., "Edad Media: La iglesia de la historia" *Semata: Las religiones en la historia de Galicia* 7-8 (1996): pp. 118-131; MARTÍNEZ DOMÍNGUEZ, J.A., *Os clérigos na Idade Media*. Noia, 2001.

<sup>46</sup> Sobre igrexa parroquial na Igrexa baixomedieval cfr. ZAFARANA, Z., "Cura pastoral, predicazione, aspetti devozionali nella parrocchia del basso Medioevo" en *Pievi e parrocchie in Italia nel Basso Medioevo (sec. XIII-XV)*. *Atti del VI convegno di Storia della Chiesa in Italia* (Roma, 1984), v. I, pp. 493-539; MACCARONE, M., "'Cura animarum' e 'parochialis sacerdos' nelle costituzioni del IV concilio lateranense (1215). Applicazioni in Italia nel sec. XIII" en *Pievi e parrocchie in Italia nel Basso Medioevo (sec. XIII-XV)*. *Atti del VI convegno di Storia della Chiesa in Italia* (Roma, 1984), v. I, 81-195;

repartir os rendementos do templo con entidades e persoas que gozan de beneficios simples ou sinecuras ou dereitos de padroado. Estes ingresos proveñen basicamente do décimo que pagan os fieis e, sobre todo no caso de capelanías ou beneficios de dotación privada, dos réditos dos bens fundacionais<sup>47</sup>. En calquera caso, tomando en conxunto e integramente os rendementos de cada igrexa, as desigualdades son importantes, incluso dentro dun mesmo arciprestado.

Son moi poucas as noticias dispoñibles sobre as actividades pastorais, pois non contamos con estatutos sinodais posteriores ó mandato de D. Lope de Mendoza (+1445). Da súa lectura e da dos textos galegos deste tipo que se conservan, a información que pode deducirse tampouco é moi elocuente<sup>48</sup>. Céntranse, sobre todo, nos aspectos beneficenciais, patrimoniais e internos do oficio clerical e teñen un forte carácter disciplinario, é dicir, que atenden sobre todo á correcta administración dos bens eclesiásticos, a refrear a intromisión laica e a condenar a irresidencia, o concubinato ou os hábitos indecorosos. Salvo casos excepcionais, a actividade pastoral está ausente da vontade lexisladora<sup>49</sup>. As noticias máis abundantes refírense á predicación e, sobre todo, á necesidade de controlar e identificar a quen predica en igrexa allea<sup>50</sup>, pero tamén tratan a celebración de matrimonios clandestinos ou a obrigatoriedade da confesión e comunión anual na parroquia propia.

As escasas visitas pastorais conservadas a penas achegan máis datos pero o certo é que estes resultan de grande interese<sup>51</sup>: o deber de residencia no beneficio cúmprese de modo desigual, os templos acostuman necesitar algunha reparación pois carecen de fondos propios e o crego dispón dun certo

---

PICASSO, G., "'Cura animarum" e parrochie in Italia nella normativa canonistica" en *Pievi e parrocchie in Italia nel Basso Medioevo (sec. XIII-XV). Atti del VI convegno di Storia della Chiesa in Italia.* (Roma, 1984), v. I, pp. 65-80.

<sup>47</sup> ALDEA, Q., "La economía de las iglesias locales en la Edad Media y Moderna" *Hispania Sacra* 51-52 (1973): pp. 21-42.

<sup>48</sup> GARCÍA Y GARCÍA, *Synodicon*. pp. 259-335.

<sup>49</sup> Isto non é algo do que debemos estrañarnos, xa que de modo xeral non se aprecia ata finais do século a necesidade de atender a este asunto, tanto na práctica sinodal como na teoría canónica e teolóxica sobre o oficio clerical (SOTO RÁBANOS, J.M., "Derecho canónico y praxis pastoral en la España medieval" en *Proceedings of the Sixth International Congress of Medieval Canon Law* (Salamanca, 1985), pp. 595-617; SOTO RÁBANOS, J.M., "Disposiciones sobre la cultura del clero parroquial en la literatura destinada a la cura de almas (siglos XIII-XV)" en *Anuario de estudios medievales* 23 (1993): pp. 257-353.

<sup>50</sup> Xeralmente aplícanse os estatutos á actividade das ordes mendicantes, que actuaron sobre todo nas cidades, o que xerou moitos problemas.

<sup>51</sup> Os criterios de elaboración destes documentos son basicamente os mesmos cós dos estatutos sinodais e, así, o seu principal interese é, moi posiblemente, comprobar o grao de cumprimento da norma publicada no sínodo (onde, ademais dos mandatos específicos se len os canons dos concilios xerais e provinciais), v. VÁZQUEZ BERTOMEU, M., "Clérigos y escritura en los sínodos gallegos anteriores a Trento" *Historia. Instituciones. Documentos* (en prensa).

número de libros –moitas veces estragados– cos que oficiar os ritos<sup>52</sup>.

Mellor documentadas están, pola contra, outro tipo de actividades desenvolvidas polos eclesiásticos. Un bo número deles, se cadra para complementar os exiguos recursos xerados polos beneficios, dedicouse de modo esporádico ou permanente ó exercicio da profesión notarial ou, simplemente, a traballar como escribán para institucións e persoas. Os máis coñecidos son os denominados notarios apostólicos, que atenden os asuntos da Igrexa, pero tamén os hai que ocuparon as notarías públicas dalgunhas vilas e xurisdicións<sup>53</sup>. Outros actúan como axentes da administración episcopal e capitular como recadadores, mordomos ou procuradores xudiciais<sup>54</sup>. En liñas xerais, cabe pensar que a maior parte dos que dispoñen dunha certa formación académica ou administrativa ou gozan de relacións con personaxes influentes estenden os seus intereses e actividades máis alá do beneficio que gozan.

#### 4. O clero regular

Unha parte significativa dos eclesiásticos que moran na diocese escapa en moitos aspectos á autoridade episcopal; son aqueles que pertencen a unha orde relixiosa. Agrupados en mosteiros e conventos, a súa vida céntrase na oración sen que iso leve consigo –salvo excepcións– unha relación clara coa espiritualidade laica. As ordes mendicantes deben excluírse desta afirmación pois precisamente a predicación e a súa implicación na relixiosidade segrar é un dos seus principios básicos<sup>55</sup>. Esta actitude non parece ter sido seguida polas demais regras asentadas en Galicia que, non obstante, si posuíron e en ocasións serviron beneficios parroquiais. Nestes casos, son xeralmente monxes que administran os sacramentos –con licenza episcopal– en igrexas e oratorios nados no contorno das granxas e priorados e que responden a necesidades sentidas polas poboacións locais. Nestes casos, así como en todo aquilo referente ás sinecuras anexas ás mesas conventuais e monásticas, deben cingirse á autoridade e

---

<sup>52</sup> Arquivo Histórico Diocesano de Santiago[AHDS], Fondo Xeral [FX], Leg. 1262, nº 2, 4, 13, 25; AHDS, Fondo de San Martiño Pinarío [FSMP], Leg. 59, nº 39 e GONZÁLEZ LOPO, D.L. & PRESEDO GARAZO, A., "A visita pastoral de Juan Manxón ó arcediagado de Cornado en 1519" *Cuadernos de Estudios Gallegos* XLV, no. 110 (1998): pp. 31-72.

<sup>53</sup> VÁZQUEZ BERTOMEU, M., *Notarios, notarías y clientes en Santiago y su Tierra en el siglo XV*. Sada, 2001; pp. 21-22 e 119-122.

<sup>54</sup> V., por exemplo, os moitos nomeados na contabilidade episcopal conservada (VÁZQUEZ BERTOMEU, *La hacienda* C1 e C2) ou na documentación capitular (por exemplo, os tumbos de tenencias do Arquivo Capitular de Santiago).

<sup>55</sup> Sobre a expansión destas ordes en Galicia v. GARCÍA ORO, J., "Francisco de Asís en la España Medieval" *Liceo Franciscano* XLI, no. 121-123 (1988): pp. 113-133 e 239-266; PARDO VILLAR, A., *Los dominicos en Galicia*. Santiago, 1935; MANSO PORTO, C., *Arte gótico en Galicia: los dominicos*. A Coruña, 1993; v. I, pp. 31-88.

lexislación episcopal.

Durante toda a segunda metade do século XV e nas primeiras décadas do XVI, asístese en Santiago, ó igual que en todo o reino castelán, a un proceso que suporá unha importante reforma nos modos de vida e obxectivos destas casas relixiosas. Será un movemento non exento de rozamentos coa autoridade arcebispal que tentará infrutuosamente estender a súa potestade sobre algunhas destas entidades<sup>56</sup>.

### **A Igrexa cara a fóra: as actividades pastorais**

Toda esta estrutura de persoas e beneficios ten como finalidade coidar e protexer as almas dos fieis laicos de modo que atopen o seu camiño para a salvación. Esta é a tarefa fundamental dun bispo e exercea, como se viu, persoalmente ou a través doutras persoas. As noticias de que dispomos para o estudio desta cuestión son moi escasas se abordamos a realidade compostelá. Como xa se dixo, os sínodos diocesanos –principal ferramenta para o seu coñecemento– son especialmente avarentos en informacións a este respecto e, se ben estes poden ser completadas coas procedentes dos concilios provinciais presididos polo arcebispo e con outros documentos, o cadro resultante non vai máis alá dun panorama superficial<sup>57</sup>.

O referente principal da espiritualidade laica é a parroquia, pois é nela e da man do seu crego beneficiado como se entra a formar parte da comunidade de crentes ó recibir o bautismo, pero non é o único<sup>58</sup>. A existencia doutros templos pode desviar cara a eles as preferencias do fiel no referente ós actos cotiáns e así, nunha vila, pode acudir á misa ou ás predicacións dun convento mendicante<sup>59</sup> ou a unha capela cunha advocación da súa devoción ou, no rural, a unha ermida máis próxima á súa vivenda e que é servida por un presbítero<sup>60</sup>. Fronte a esta competencia, e co obxectivo se cadra implícito de facilitar

---

<sup>56</sup>GARCÍA ORO, J., " La reforma de los monasterios gallegos en tiempos de los Reyes Católicos" *Cuadernos de Estudios Gallegos* 21, no. 63 (1966): pp. 42-58; GARCÍA ORO, J., *La Reforma de los religiosos españoles en tiempo de los Reyes Católicos*. Valladolid, 1969; pp. 46-62; GARCÍA ORO, *Galicia*. v. I, pp. 429-453.

<sup>57</sup> Os concilios provinciais de Santiago están publicados en LÓPEZ FERREIRO, *Historia*. v. V, ap. XXIX (1260). Deben ser tidos en conta, tamén, os dous celebrados por legados pontificios en Valladolid (TEJADA Y RAMIRO, J., *Colección de cánones de la Iglesia española*. Madrid, 1850-1855; v. III, pp. 324-329 e 477-504).

<sup>58</sup> v. *supra* notas 52 e 56.

<sup>59</sup> Un indicador evidente do éxito destas ordes son os constantes intentos de prelados e párrocos para limitar e reconducir as súas actividades predicatorias.

<sup>60</sup> Aínda despois do Concilio de Trento, no século XVII, o visitador Jerónimo del Hoyo constata a existencia de igrexas sen pía bautismal ou casos como o Pico Sacro, onde existe pía e cemiterio pero raramente hai misas porque os veciños prefiren asistir a unha capela máis próxima ás súas vivendas (HOYO, J., ed., *Memorias del Arzobispado de Santiago*, ed. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ,

unha supervisión episcopal das prácticas da espiritualidade laica, a Igrexa fortalece a figura do templo parroquial –e, en consecuencia, do seu sacerdote– reservándolle unha serie de atribucións: o bautismo, a confesión e comunión anual e o enterro<sup>61</sup>. Esta preservación da parroquia como espazo oficial de inserción do crente ten ademais outras finalidades algo máis materiais, pois é a demarcación empregada para o cobro do décimo e outras contribucións que pertencen ó templo como son as primicias.

Como puxeron de manifesto outros estudosos, a literatura pastoral baixomedieval concibe a relixiosidade laica e o oficio da cura de almas como aspectos moi vinculados á recepción e administración dos sacramentos<sup>62</sup>. Non obstante, neste período vívese tamén un lento pero sostido crecemento de novas formas de espiritualidade, máis relacionadas co íntimo e persoal. A primeira das tendencias compróbase, sen dúbida ningunha, na lexislación diocesana que conservamos para Santiago e nos criterios cos que os visitantes examinan o labor dos párrocos. Nela pode observarse un claro interese polo cumprimento da obriga coesmal, a beizón dos matrimonios pola Igrexa ou a celebración de determinadas festas litúrxicas. E aínda que existen noticias que apuntan a existencia doutros modos de vivir a fe como son a presenza de libros devocionais ou leccionadores –mencionados nalgúns testamentos– ou a existencia en Santiago de comunidades de terciarios franciscanos<sup>63</sup> –Santa María a Nova e Santa Cristina da Pena–, o panorama que describe o Libro do Subsidio remite a formas de relixiosidade que poderían cualificarse como tradicionais, tales como as vivencias e ritos de carácter funerario, ás que habería que sumar –acudindo a outras fontes– ás confrarías socioprofesionais vinculadas a certos gremios urbanos<sup>64</sup>.

Os fitos máis significativos son, posiblemente, a presenza de capelas ou dotacións laicas e a existencia de confraternidades clericais. Polo seu nome e apelido son citadas no mencionado Libro do Subsidio unha cincuentena de fundacións, maioritariamente de segrares<sup>65</sup> ás que habería que engadir un número impreciso daquelas que aparecen rexistradas pola súa advocación e se localizan nun templo maior ou das que, simplemente, só se coñece a súa existencia<sup>66</sup>. De acordo coas informacións

---

A.&VARELA JÁCOME, B. (Santiago, s.d.), pp. 185, 477).

<sup>61</sup> Se ben o bautismo permaneceu sempre como intrinsecamente vinculado ó templo parroquial, admitíronse excepcións en relación ó deber coesmal e ó enterro, aínda que estas deberían estar autorizadas expresamente polo párroco ou o bispo.

<sup>62</sup> V. *supra* notas 52 e 56.

<sup>63</sup> GARCÍA ORO, *Galicia*. v. I, pp. 187-214.

<sup>64</sup> LÓPEZ FERREIRO, *Historia*. v. VII, p. 81-85; NEIRA RODRÍGUEZ, X.M., *As confrarías dos clérigos da Concepción na diocese de Santiago*. Noia, 1998; pp. 53-64.

<sup>65</sup> Constitúen o groso das entradas incluídas no índice de nomes que acompaña á transcripción.

<sup>66</sup> Por exemplo, as non especificadas nas igrexas de San Salvador de Cecebre ou San Xoán de Serantes (ACS, Libro do Subsidio I, fº 18v).

disponibles, estas fundacións son de dous tipos claramente diferenciados: os denominados *anais* e as capelanías. No primeiro caso, teñen como obxectivo asegurar a celebración dun aniversario ou rito fúnebre con periodicidade anual –xeralmente nunha data determinada disposta polo fundador–; o diferente termo aplicado ó segundo tipo débese posiblemente a que as obrigas de quen as serven son maiores en canto a número de oficios a celebrar ou cregos que deben servilas.

En estreita vinculación con este fenómeno de relixiosidade vinculada á morte, é necesario atender á existencia das confrarías tanto de laicos e de eclesiásticos; nos dous casos, os seus estatutos poñen en relación solidariedades persoais, profesionais e espirituais. As de leigos céntranse nos actos comúns que reafirman o grupo, tales como celebracións por defuntos ou as festividades do santo patrón, pero tamén en asuntos técnicos relacionados co exercicio de profesións urbanas ou a organización interna<sup>67</sup>. As de cregos presentan as mesmas características, se ben é necesario sinalar que experimentan nos anos centrais do século un proceso de reforma e renovación, como outras agrupacións eclesiásticas do reino castelán<sup>68</sup>.

Todas estas entidades –fundacións anuais, capelanías, ermidas e boa parte dos bens vinculados ás parroquias– proceden de fundacións laicas que tras a súa entrega á Igrexa pasan a estar acollidas –como os cregos que as serven– á protección do foro canónico. A cambio dos rendementos económicos que xeran, a Igrexa se compromete a levar a cabo unha serie de actuacións: manter o culto e atender as necesidades dos fieis –no caso das parroquias–, celebración de aniversarios ou misas votivas –en capelanías e anais–.

Non están claras, polo momento, as vías de participación dos fieis laicos nos ritos e actos relacionados coa Igrexa. É evidente a súa presenza nas celebracións litúrxicas se ben, salvo momentos puntuais –como as procesións ou fundacións–, a súa actitude é sobre todo pasiva en evidente consonancia co lugar atribuído ós laicos na teoría pastoral baixomedieval. Se cadra en momentos de marcado protagonismo segrar, como serían os organizados arredor das confrarías ou os actos de expiación pública de excomuñóns ou pecados graves, esta actitude pasiva poida evitarse ante a relevancia do evento, pero a necesidade da anuencia e concorrencia das persoas eclesiásticas crea certas dependencias cara a elas<sup>69</sup>.

---

<sup>67</sup>

V. *supra* nota 71.

<sup>68</sup>

NEIRA RODRÍGUEZ, *As confrarías*. pp. 83-140.

<sup>69</sup> Por exemplo, en Ourense a Igrexa dita severas normas sobre a organización e protocolo das procesións nas que participan as confrarías da cidade (FERRO COUSELO, X., *A vida e a fala dos devanceiros*. Vigo, 1996; pp. 374-376.) Unha interesante descrición dun acto de expiación pública dunha excomuñón en Santiago en ACS, Tenencia de Viñóns, s.f.

Existen, porén, espazos de intervención. O máis significativo é, sen dúbida, o que concede ós feiis –ou polo menos a unha representación deles– unha instancia para censurar a actividade do crego; este feito ten lugar durante a visita que á igrexa realiza o bispo –en persoa ou a través dun delegado– ou o arcediago. No transcurso do exame ó estado do templo, as súas contas e estado moral do pobo, o visitador interroga a algúns veciños acerca das obrigas do sacerdote<sup>70</sup>: cumprimento da residencia, celebración de oficios, preocupación pastoral.... O patrimonio da igrexa pode permitir e, mesmo, incentivar a colaboración dos fregueses se ben para a diocese de Santiago os datos son, polo momento, confusos: algúns documentos indican que a administración dunha parte dos bens relacionados co templo parroquial está en mans dos fregueses, que deciden sobre o tema o domingo tras a misa<sup>71</sup>; a falta de estudos sobre o tema impídenos pescudar o porqué, pero moi ben podería tratarse do patrimonio vinculado á fábrica e ás luminarias do templo xa que o crego xestiona outros, posiblemente os propios da igrexa e beneficio<sup>72</sup>.

Por último, non debe esquecerse que a entidade e grande extensión da propiedade eclesiástica dentro do espazo diocesano fai dela a maior propietaria de todo o territorio e que unha importante parte dos inmobles rurais e urbanos que protagonizan os nosos documentos pertencen ó arcebispo, ó cabido ou ás diversas casas relixiosas. Un relevante número de segrares vive ou traballa en propiedades eclesiásticas. É este un dato moi significativo á hora de estudar a contribución da diocese compostelá á facenda real ou pontificia pois é este patrimonio fundiario –ó que se sumarán as rendas xurisdicionais e fiscais– o que se avalía para establecer a cota que cabe a Santiago e cada unha das entidades propietarias (cabido, mesa arcebispal, mosteiro ou igrexa) son as que están suxeitas a esta carga polo monto dos rendementos que perciben.

---

<sup>70</sup> AHDS, FX, Leg. 1262, nº 2, 4, 13, 25; AHDS, FSMP, Leg. 59, nº 39 e GONZÁLEZ LOPO & PRESEDO GARAZO, "A visita" pp. 31-72.

<sup>71</sup> FERNÁNDEZ DE VIANA Y VIEITES, F.I., *El tumbillo de San Bieito do Campo (Santiago)*. Granada, 1995; VÁZQUEZ BERTOMEU, *Notarios*. pp. 93-94.

<sup>72</sup> A este respecto as constitucións sinodais de Mondoñedo de 1534 implican directamente os veciños de máis idade e o crego neste mester (GARCÍA Y GARCÍA, *Synodicon*, sin. mindoniense de 1534, canon 4).



## A CONTRIBUCIÓN DA IGREXA DIOCESANA ÁS FACENDAS REAL E PONTIFICIA

Os importantes beneficios xerados polos bens patrimoniais e os dereitos señoriais cos que un bispo e os seus cregos deben facer fronte ó seu sustento e ás necesidades da relixión foron obxecto impositivo primeiro da fiscalidade pontificia e, máis tarde, da real. É un proceso lento pero sostido no que se vai ampliando o número de contribuíntes, as razóns de tributación e a complexidade dos procesos e persoas implicadas. O estudio desta cuestión supón un achegamento á relación da Igrexa compostelá coa curia pontificia pero exemplifica tamén de que modo incide a crecente centralización aviñonense nesta sé ou como a facenda real de Castela foi, progresivamente, desviando as achegas compostelás –en realidade, das de todas as igrexas do reino– no seu beneficio.

O Libro do Subsidio sería un tanto incomprendible se non se tivesen en conta estas circunstancias posto que é o instrumento básico empregado polos axentes da Coroa castelá á hora de fiscalizar o clero de Santiago; é asemade o punto de chegada dunha longa evolución protagonizada pola Cámara Apostólica e os seus axentes, mentores e beneficiarios iniciais dos gravames que pesan sobre o estado eclesiástico.

### **A fiscalidade pontificia**

Xa a principios do século XI, a administración fiscal do pontificado recibe o nome de Cámara Apostólica; é tamén neste momento cando se teñen as primeiras noticias precisas sobre ingresos máis ou menos estables procedentes de dióceses fóra de Italia; durante o século seguinte e ata o fin da Idade Media, esta instancia centralizará todos os asuntos relativos ás finanzas da sé pontificia<sup>73</sup>, sobre todo para racionalizar a súa xestión e acrecentar as súas vías de ingresos; a maduración definitiva do sistema ten lugar durante o período aviñonés cando os acontecementos poñen en serias dificultades ó tesouro papal. É neste momento cando se instauran novas taxas que son, ademais, de máis longo alcance e cando se

---

<sup>73</sup> A pesar da súa antigüidade, seguen sendo básicos para o estudo desta cuestión os estudos de LUNT, W.E., *Papal Revenues in the Middle Ages*. New York, 1934; SAMARAN, C. & MOLLAT, G., *La fiscalité pontificale en France au XIVe siècle*. Paris, 1905; FERNÁNDEZ CONDE, J. & OLIVER, A., "La corte pontificia de Aviñón y la Iglesia española" en *Historia de la Iglesia en España (siglos VIII-XIV)* (Madrid, 1981), pp. 393-404.

maduran organigramas e procedementos que incrementan considerablemente a eficacia da recadación.

No *Liber Censuum* contéñense as primeiras noticias concretas sobre contribucións compostelás ó fisco apostólico. Este manuscrito, elaborado contra 1192 polo futuro Honorio III sobre a base de inventarios antigos e incompletos e completado posteriormente, contén unha exhaustiva relación de entidades eclesiásticas –sobre todo mosteiros– que abonan ó Papado cantidades de diñeiro en concepto de recoñecemento de suxeición directa a Roma<sup>74</sup>. Nel menciónase a obriga que ten o mosteiro de Antealtares de abonar anualmente un marabedí<sup>75</sup> e informa, así mesmo, das 800 libras pendentes de pagamento por un arcebispo compostelán para o socorro de Terra Santa<sup>76</sup>.

De modo expreso, o arcebispo e un incerto número de abades da súa diocese están suxeitos ó pagamento de certas contribucións á Cámara Apostólica. Os *servitia*<sup>77</sup> quedaron establecidos na segunda metade do século XIII e teñen a súa orixe nun certo dereito pontificio a dispor dalgúns beneficios e dignidades eclesiásticas; aínda que en principio estas entregas son voluntarias –baixo forma de dádiva e esmola á sé romana–, os compromisos de pagamento realizados polos prelados acaban tendo carácter imperativo<sup>78</sup>. Tras varias ampliacións do grupo de beneficios suxeitos a esta taxa, desde Urbano V abrangue a todos os patriarcados, arcebispados e bispados cunha renda superior ós 200 floríns anuais e ós mosteiros masculinos con ingresos superiores a 100<sup>79</sup>. O monto a pagar por cada prelado ou abade queda fixado nun terzo dos seus ingresos anuais, debendo cada un comprometerse no momento do seu nomeamento –persoalmente ou a través dun representante– a abonar dita cantidade nun prazo determinado e ofrecer como aval na maioría dos casos os seus bens e os da súa igrexa ou abadía. O incumprimento desta obriga de pagamento ten consecuencias evidentes: suspensión do oficio –xa que a bula de nomeamento non se outorga se non se cancelou a débeda– e a excomuñón<sup>80</sup>.

---

<sup>74</sup> En realidade, as razóns de pagamento orixinais de moitas destas institucións difiren entre si, pois mentres algunhas -as máis antigas- o farían polo uso de propiedades localizadas nos estados pontificios, outras faríano por razón da protección que a sé romana lles proporciona; finalmente, e xa no século XIII, a exención da xurisdición episcopal ordinaria parece relacionarse estreitamente co pagamento desta taxa (LUNT, *Papal revenues*. pp. 61-63; FABRE, P. & DUCHESNE, L., *Le liber censuum de l'Eglise romaine*. Paris, 1905-1910).

<sup>75</sup> FABRE & DUCHESNE, *Le liber censuum*. p. 219.

<sup>76</sup> *Ibid.*; p. 14\*, col. a.

<sup>77</sup> Son en realidade dúas taxas diferentes: os *servitia communis* -destinado á cámara pontificia e ós cardeais- e os *servitia minuta* -para os oficiais papais e cardenalicios-.

<sup>78</sup> LUNT, *Papal revenues*. pp. 81-91.

<sup>79</sup> O proceso de configuración deste gravame ata Urbano V e as súas modificacións posteriores *Ibid.*; pp. 84-86.

<sup>80</sup> O pagamento deste tributo presenta certas dificultades sobre todo en dioceses cun patrimonio maltreito -por exemplo por guerras ou malas colleitas- xa que o cálculo da cantidade a entregar non parece ter en conta estes altibaixos conxunturais. De feito, existen noticias sobre a excomuñón

Segundo as noticias dispoñibles, abonaron este canon todos os bispos galegos así como os abades de Oseira, San Clodio do Ribeiro, Montederramo, Celanova, San Pedro de Montes, Cines, Poio, Toxosoutos, Armenteira, Monfero, Sobrado, Antealtares, Bergondo, Lárez, Montecubeiro, Samos, Monforte, Lourenzá, Melón e Oia<sup>81</sup>. Hoberg informa de que a cantidade pagada polos arcebispos composteláns desde 1307 ata 1449 é de 4.000 floríns, mentres que as abadías oscilan entre os 33 de Bergondo (no ano 1356) e Lárez (en 1436) e os 140 floríns de Sobrado en 1438<sup>82</sup>.

Os bispos deben abonar tamén unha cantidade de diñeiro cando realizan a visita *ad limina apostolorum* persoalmente ou por procuradores<sup>83</sup> e unha parte dos seus bens reverte tras o seu falecemento á Cámara (*ius spoli*)<sup>84</sup>. Os demais beneficios eclesiásticos están tamén obrigados a pagar certas cantidades cando son de colación pontificia pois a *annata* debida habitualmente ó bispo é entón percibida polo Papa<sup>85</sup>. Todos deben realizar desembolsos de custo variable en concepto de taxas de chancelaría ou dereitos por indulxencias, tributos que se volven máis gravosos durante o século XV cando o valor daqueles máis significativos (como os servizos) é rebaixado<sup>86</sup>.

Os subsidios solicitados polos papas a algúns prelados e dioceses con motivo de necesidades especiais da Igrexa son, se cadra, a forma de tributación máis interesante por canto pode chegar a afectar directa ou indirectamente a todo o clero diocesano<sup>87</sup>. Poden ser solicitados ó bispo ou ós cregos,

---

de prelados galegos por esta causa (GÖLLER, E., *Die Einnahmen der Apostolischen Kammer unter Johann XXII*. Paderborn, 1905; p. 45, n.1.). Son especialmente coñecidos os problemas do mindoniense D. Gonzalo para facer fronte a este pago (LINEHAN, P., *The Spanish Church and the Papacy in the Thirteenth Century*. Cambridge, 1971; pp. 237-238, n. 93 e 272-273 ).

<sup>81</sup> Baixo os correspondentes epígrafes diocesanos en HOBERG, H., *Taxae pro communibus servitiis ex libris obligationum ab anno 1295 usque ad annum 1455 confectis*. Città del Vaticano, 1949.

<sup>82</sup> Os datos composteláns en pp. 39-40 (arcebispo), 146, 207, 210, 220, 247, 264, 290-291, 312, 314 e 318 (os mosteiros).

<sup>83</sup> Sobre esta obriga episcopal e as fontes para o seu estudo v. CÁRCEL ORTÍ, M.M. & CÁRCEL ORTÍ, V., *Historia, derecho y diplomática de la visita ad limina*. Valencia, 1990.

<sup>84</sup> WILLIMAN, D., *The Right of Spoil of the Popes of Avignon (1316-1415)*. Filadelfia, 1988. A parte correspondente ó papado nos bens de D. Berenguel de Landoira foi dun valor estimado de 232 dobras de ouro (GÖLLER, *Johann XXII*. p. 502).

<sup>85</sup> Este dereito de colación, contrariamente ó que cabe pensar, afecta a todas as dioceses e a todo tipo de beneficios posto que unha das causas máis comúns da facultade pontificia é o falecemento na curia do seu posuidor. A existencia de privilexios para gozar máis dun beneficio facilita a acumulación en mans de cregos capitulares, cortesáns ou curiais de fraccións máis ou menos amplas de beneficios situados en varias igrexas que, cando morren de camiño á corte pontificia ou morando nela, son ocupados mediante designación papal.

<sup>86</sup> LUNT, *Papal revenues*. p. 103-134.

<sup>87</sup> *Ibid.*; pp. 77-81. Segundo Samaran e Mollat (*La fiscalité*. p. 56), os papas limitáronse a aproveitar un costume xa establecido polos bispos nas súas dioceses ó recadar para necesidades puntuais diñeiro do clero diocesano; e en efecto, este tipo de peticións -baixo a denominación de subsidio caritativo- son mencionadas na documentación compostelá mesmo no século XV (GARCÍA Y GARCÍA, *Synodicon*. pp. 324-325).

aínda que parece ser frecuente que os primeiros acaben repercutindo total ou parcialmente o pagamento nos segundos. Xeralmente teñen forma de dádiva caritativa –tanto o do Papa como o dado pola clerecía ó seu prelado e as cantidades pagadas acostuman ser proporcionais ás rendas globais do beneficio. Existe noticia dun desembolso deste tipo realizado en 1326 por D. Berenguel de Landoira –como responsable da colecta na súa provincia eclesiástica– para a loita da Igrexa contra os herexes milaneses<sup>88</sup>.

De modo paralelo e con carácter inicialmente extraordinario, os papas cargaron ás rendas dos beneficios eclesiásticos cunha taxa equivalente ó 10% dos rendementos. É o tributo coñecido como *décima*, no inicio aplicado ó auxilio de Terra Santa e, máis tarde, ás necesidades xerais da Igrexa<sup>89</sup>. As primeiras esixencias deste tipo teñen como finalidade financiar as Cruzadas e a primeira solicitude de carácter xeral emana do IV Concilio de Letrán, gravando a todos os beneficios cun 20% dos seus rendementos durante tres anos. En adiante, cunha duración variable e cunha taxa de exacción tamén diferente serán outorgadas por papas ou concilios para auxiliar ás necesidades da guerra contra o infiel ou para cubrir os buratos do tesouro pontificio. Beneficiaranse dela dun modo crecente algunhas facendas reais, especialmente os reinos hispánicos que a reclamarán como axuda indispensable para continuar a guerra contra os musulmáns da Península. O interese conxunto da Cámara Apostólica e dos Reis por facer desta taxa un ítem estable e interesante dos seus ingresos provocará unha certa modificación na forma e nos modos de recadación da *décima*, que acabará cristalizando no denominado *subsidio*<sup>90</sup>.

A efectos prácticos, algúns dos impostos xa mencionados presentan certas dificultades pois non se trata de cobrar unha cantidade fixa e predeterminada a un número de persoas e entidades previamente coñecidas senón que é preciso calcular no momento de cada recadación quen son obxecto de tributación e que contía debe reclamarse a cada un. Para resolver este inconveniente a Cámara Apostólica desenvolve un procedemento –a *taxatio* ou taxación–, crea unha figura administrativa que a supervisa e organiza o cobro –o colector ou colectores– e divide a Cristiandade en demarcacións, as colectorías.

Todo este sistema existe xa a finais do século XIII e gaña considerable eficacia no XIV: os colectores xerais designan a unha ou varias persoas que en cada diocese se informan dos beneficios e os seus rendementos (baixo o xuramento que realizan os seus posuidores) e determinan a cantidade a

---

<sup>88</sup> GÖLLER, *Johann XXII*. pp. 500-501.

<sup>89</sup> SAMARAN & MOLLAT, *La fiscalité*. pp. 12-22.

<sup>90</sup> Sobre os pormenores da derivación desta taxa para o tesouro real castelán e os procesos derivados véxase *infra*.

pagar; esta estimación é revisada polo colector quen estimará a existencia ou non de fraude ou ocultación<sup>91</sup>. A relación resultante –verdadeira guía da xeografía económica e fiscal de cada diocese– é utilizada na recadación de taxas de valor proporcional á contía dos ingresos.

Respecto á décima –sen dúbida o canon con máis contribuíntes– Gregorio VII e Bonifacio VIII establecen de modo preciso o procedemento dunha recadación que involucra a todos os que gozan algún tipo de patrimonio eclesiástico. Existen, non obstante, exencións: os hospitais e casas para pobres e enfermos (incluíndo á orde hospitalaria de San Xoán de Xerusalén), relixiosos que viven da esmola e a predicación (ordes mendicantes) e os cregos seculares con ingresos inferiores a 7 floríns anuais. O documento do papa Bonifacio (1301) é moi claro e describe polo miúdo o modo en que se realiza o cálculo e o tipo de ingresos que se computan (por exemplo, como deben valorarse os procedentes das pesqueiras ou os prados) e cales non deben ser tidos en conta (como o gastado no sustento da comunidade monástica ou na reparación de igrexas e certas edificacións). Dispón tamén que o pagamento debe realizarse en diñeiro contante da moeda común da terra, cales son as penas en que incorrerán quen se resistan ou cometan fraude e como debe conducirse o colector á hora de as executar<sup>92</sup>. Se establecen tamén dúas vías para deducir a cantidade a pagar en cada beneficio –que unha vez escollida non poderá modificarse: *a priori* sobre unha estimación dos ingresos anuais ou ben *a posteriori* sobre o valor real do percibido<sup>93</sup>.

A actividade dos colectores apostólicos no reino castelán é coñecida sobre todo a partir do período de Aviñón, cando toda esta engrenaxe administrativa comezou a tomar corpo e a gañar en eficacia, aínda que segundo todos os indicios a súa experiencia distou moito de ser satisfactoria<sup>94</sup>. A diocese de Santiago quedou incluída na colectoría do norte do reino, a de Burgos.

Deixando momentaneamente á marxe os datos referentes á décima, son moi escasas as noticias relativas á recadación apostólica na sé de Santiago. O primeiro dato claro sobre este tema rexistra a actuación do arcebispo D. Berenguel de Landoira como executor do cobro da parte pontificia do espolio

---

<sup>91</sup> LUNT, *Papal revenues*. p. 74; SAMARAN & MOLLAT, *La fiscalité*. pp. 112-114.

<sup>92</sup> Recollido na lexislación canónica en *Extravagantes Comúns*, lib. 3, tit. VII, cap. I.

<sup>93</sup> Esta última circunstancia, unida a posibles manobras de ocultación e resistencia, contribúe a alongar os procesos de recadación levados a cabo en cada diocese.

<sup>94</sup> A evolución xeral, datos concretos e documentación relacionada en FERNÁNDEZ CONDE & OLIVER, "La corte pontificia" pp. 400-403; NIETO SORIA, *Iglesia*. pp. 64-82 e 314-315; GOÑI GAZTAMBIDE, J., "El fiscalismo pontificio en España en tiempo de Juan XXII" *Anthologica Annua* 14 (1966): pp. 65-99; ZUNZUNEGUI, J., "Las cuentas de los colectores apostólicos en Castilla durante el pontificado de Inocencio IV" *Anthologica Annua* 14 (1966): pp. 441-461; FERNÁNDEZ ALONSO, J., *Legaciones y nunciaturas en España ed 1466 a 1521: v. I (1466-1486)*. Roma, 1963.

dos bens de Simón, bispo de Tui<sup>95</sup> os do compostelán foron, á súa vez, fiscalizados polo bracarense<sup>96</sup>. Máis tarde, en 1354, Inocencio IV encomendou ó arcebispo de Santiago e a Xoán de Cardellac, bispo de Ourense, executar o espolio de D. Álvaro de Biedma (finado en 1351)<sup>97</sup>. Son ordes directas dadas a prelados ou persoas puntuais para que leven a cabo certos cometidos en nome da curia romana.

Informacións incompletas –xa sexa por non referir os conceptos de cobro ou por non desagregar as dioceses cotizante– atópanse nos informes contables e correspondencia dos colectores<sup>98</sup>. Especialmente coñecidas son as actuacións que se sitúan na segunda metade do século XV<sup>99</sup>, sobre todo as de Leonoro de Leonori (desenvolvida a partir de 1465), de quen dispomos dun interesante número de documentos que nos permiten reconstruír a actividade tipo dun destes axentes, xa que recibiu entregas correspondentes ás taxas habituais debidas ó pontificado, ás resultantes da predicación da bula de Cruzada<sup>100</sup> e ó subsidio do clero. Este nuncio e colector acode ó reino castelán provisto de escritos que acreditan a súa condición (entre eles cartas de presentación e credenciais dirixidas ós máis importantes prelados e personaxes da corte, nomeamento...); ademais, neste caso concreto, recibe tamén ordes precisas sobre un tema difícil: conseguir a liberación dos prelados de Santiago<sup>101</sup>, Cuenca e Osma. Dispón tamén de licenzas que lle permiten designar os subcolectores, notarios e outros axentes cos que levar a cabo o seu cometido e instrucións precisas de como realizalo. Leonori ten capacidade para fiscalizar a actividade doutros subcolectores como, por exemplo, a Fernando Basanta, cóengo de Santiago que actuou como colector e nuncio en Galicia e Asturias en anos anteriores<sup>102</sup>. E pode e debe cominar a aqueles que se resisten ó pagamento dos ítems debidos á Cámara. Dispomos do documento contable que presenta como xustificación das súas actividades durante os anos 1471-76<sup>103</sup>: entre maio e outubro de 1473 cobra de Diego Tamayo, deán de Santiago, os 150 ducados áureos que debe abonar á

---

<sup>95</sup> GÖLLER, *Johann XXII*. pp. 486-487. Finado este prelado en 1326, o pagamento na Cámara ten lugar en 1328 a través dun axente pontificio enviado a Portugal.

<sup>96</sup> *Ibid.*; p. 502.

<sup>97</sup> O valor do recadado ascendeu a 31.398 mrs (ZUNZUNEGUI, J., "La Cámara" pp. 167-168).

<sup>98</sup> NIETO SORIA, *Iglesia*. p. 71; ZUNZUNEGUI, "Las cuentas" pp. 441-461. O período máis coñecido é a segunda metade do século XV cando dispomos mesmo de pormenorizados relatos sobre os avatares da recadación destes axentes en Galicia; FERNÁNDEZ ALONSO, *Legaciones*.

<sup>99</sup> Fernández Alonso recolle na súa citada obra un gran número de testemuños referentes ás legacías de Leonoro de Leonori, Rodrigo Borja, Francisco Ortiz e Nicolás Franco.

<sup>100</sup> *Op. cit.* e tamén GOÑI GAZTAMBIDE, J., *Historia de la bula de cruzada*. Vitoria, 1958; LADERO QUESADA, M.A., *La hacienda real de Castilla en el siglo XV*. La Laguna, 1973; pp. 227-234.

<sup>101</sup> Pouco despois da súa chegada a Santiago, D. Alonso de Fonseca II foi secuestrado por Bernal Eáns de Moscoso quen o retivo durante aproximadamente dous anos (LÓPEZ FERREIRO, *Historia*. v. VII, p. 249 e ss.)

<sup>102</sup> Sobre a súa legación FERNÁNDEZ ALONSO, "Los beneficios" pp. 553-579.

<sup>103</sup> FERNÁNDEZ ALONSO, *Legaciones*. doc. 121.

Cámara Apostólica; ó longo de 1474 recibe de mans de Lucas García -recadador en Galicia- importantes cantidades procedentes da predicación da bula de Cruzada en Asturias, Santiago e Ourense<sup>104</sup> e, ó ano seguinte, 132.560 mrs resultantes da venda de diversos bens e obxectos que corresponden ó Papado<sup>105</sup>; interesantes son tamén as relacións de gasto ou perda dadas por Leonori, que se fan eco dos pormenores e inconvenientes da recadación en Galicia<sup>106</sup>.

O estudio do tributo decimal en calquera diocese -neste caso a de Santiago- débese abordar desde uns presupostos distintos ós presentados para o achegamento ós restantes ítems debidos á Cámara Apostólica. Iso é así pola amplitude do grupo de contribuíntes, polo modo en que se organiza a recadación e valoración das cantidades, pola súa cada vez maior frecuencia e, finalmente, porque este imposto sofre ó longo da súa historia unha importante modificación tanto nos seus aspectos económicos e organizativos como no do nome polo que se coñece<sup>107</sup>.

Os primeiros datos apuntan a que a décima é esixida de modo puntual a algunhas dioceses a través dos seus prelados; pode ser tamén que o Papado encomende a un ou varios bispos de Castela a recadación desta taxa nun distrito ou en todo o reino. Aínda que o rei leva unha parte cada vez maior do recadado, os axentes pontificios seguen exercendo o que indica que a recadación local permanece en mans de bispos e cabidos que pagan ós representantes reais e papais a parte que lles corresponde<sup>108</sup>. Os colectores localmente designados acostuman ser cóngos dos respectivos lugares que entregan a cantidade ó colector xeral ou ós seus axentes en persoa ou a través de representantes<sup>109</sup>. Os indicios apuntan a que, polo menos no caso de Santiago, a estimación do que cabe a cada contribuínte é tamén incumbencia do cabido e da administración episcopal, sendo esta a opción máis razoable posto que dispoñen de información de primeira man sobre o valor dos beneficios.

En 1278, Nicolás III en carta dirixida ó bispo de Oviedo e recadador da décima -concedida ó rei- no reino de Castela mándalle non esixila ós cregos dos arciprestados de Xanrozo e Abegondo da arquidiocese de Santiago, pois non alcanzan ese ano os seus ingresos as 7 libras mínimas requiridas<sup>110</sup>.

---

<sup>104</sup>

*Ibid.*; doc. 122.

<sup>105</sup> *Ibid.*; doc. 124 e 131. (*Item fuerunt perdite multe bulle deposite ac credite per thesaurarios et etiam sublate et etiam combuste in Galicia*, doc. 131)

<sup>106</sup>

*Ibid.* doc. 127

<sup>107</sup>

Véxase *infra*

<sup>108</sup> Non ocorre así, por exemplo, coas tercias reais (as 2/9 partes do ingreso decimal que son dadas ó rei). Este ingreso é recadado directamente polos axentes da real facenda. LADERO QUESADA, *La Hacienda*. p. 89-95; NIETO SORIA, *Iglesia*. pp. 317-322.

<sup>109</sup> Por exemplo, véxase a relación dada por Linehan en LINEHAN, *The Spanish*. pp. 300-303.

<sup>110</sup> DOMÍNGUEZ SÁNCHEZ, S., *Documentos de Nicolás III (1277-1280) referentes a España*. León, 1999; doc. 26. Envíase copia, así mesmo, ó arcebispo e cabido de Santiago, así como ó clero

Consta, por evidencias precisas, a resistencia compostelá ó pagamento das décimas promulgadas nas primeiras décadas do século XIV e que en 1312 Ramón de Montrós -recadador pontificio- houbo de comparecer en Santiago para obrigar ó pagamento<sup>111</sup>; tamén que as estimacións realizadas sobre o valor dos beneficios non sempre suscitan unanimidade: en 1318, o sucesor de Montrós, Raimundo de Siena, vese impelido a aceptar unha recadación sobre a base dos documentos que se lle presentan e que lle parecen de veracidade dubidosa<sup>112</sup>. Non se coñecen problemas en referencia a un pagamento realizado por este concepto en 1329<sup>113</sup>. A responsabilidade das autoridades locais e a permanente dificultade da recadación vense confirmadas en 1336 cando Bieito XII manda ó arcebispo que devolva as cantidades tomadas a certas persoas eclesiásticas para a décima en beneficio de Terra Santa<sup>114</sup>. Desde este intre e ata final do século, non hai información dispoñible para o estudio desta taxa aínda que nos consta a recadación de varias décimas en Castela, a maior parte das cales beneficia á Coroa<sup>115</sup>. Só entre 1391 e 1393, a documentación capitular de Santiago rexistra o pagamento de importantes cantidades de diñeiro a colectores apostólicos se cadra como froito desta taxa<sup>116</sup>; e case 15.000 mrs se pagan en 1398 ó enviado rexio que se presenta en Santiago a recibir a parte que lle corresponde na décima de 1397<sup>117</sup>. Ata a segunda metade do século XV, cando a décima pasou a converterse plenamente nun subsidio, na maior parte das veces en beneficio das arcas reais, non é posible atopar noticias consistentes e esclarecedoras para o estudio desta cuestión.

### **A facenda real: da décima ó subsidio**

No proceso de formación dos estados baixomedievais -e a través deles os modernos-, a creación de administracións facendísticas e a consolidación das súas bases financeiras son dous fenómenos de

---

diocesano (docs 17 e 20).

<sup>111</sup> LINEHAN, P., "The Church, the economy and the *reconquista* in the early fourteenth-century Castile," *Revista española de teología* 43 (1983): pp. 277-279. Debe terse en conta ó valorar estes acontecementos a delicada situación da Igrexa e terra de Santiago ata a chegada de D. Berenguel de Landoira.

<sup>112</sup> *Ibid.*: pp. 291-292. No seu informe, Serra -que ten entre as súas misións revisar a xestión do seu predecesor- fai constar que desapareceu boa parte da documentación local xustificativa (as taxacións).

<sup>113</sup> ACS, Tumbillo, fº 300r-300v: carta de pagamento dada en 1329 do subsidio pontificio.

<sup>114</sup> VIDAL, J.M., *Benoit XII (1334-1342). Letteres communes*. Paris, 1911; v. I, nº 251.

<sup>115</sup> Sobre a historia da décima en Castela e a súa relación coa facenda real v. LADERO QUESADA, M.A., *El siglo XV en Castilla. Fuentes de renta y política fiscal*. Barcelona, 1982; pp. 191-212; LADERO QUESADA, *La Hacienda*. pp. 234-238; LADERO QUESADA, M.A., *Fiscalidad y poder real en Castilla (1252-1369)*. Madrid, 1993; pp. 191-216 e 203-207; GOÑI GAZTAMBIDE, *Bula de cruzada*. pp. 323-470; NIETO SORIA, *Iglesia*. pp. 322-342.

<sup>116</sup> CABANA OTERO, A., *O Tombo H da Catedral de Santiago de Compostela. Documentos anteriores a 1399*, Concello de Valga, 2003, doc. 2, 3, 4 e 45.

<sup>117</sup>

*Ibid.*, doc. 265.



grande interese. No caso castelán, os ingresos do clero aparecen desde moi pronto como obxecto de apetencia dos oficiais da Coroa. Se ben existen noticias anteriores, segundo Nieto Soria, o proceso de fiscalización dos ingresos eclesiásticos pola Coroa ten lugar entre 1252 e 1369, momento no cal o modelo impositivo está plenamente configurado. As figuras facendísticas máis importantes son as tercias reais, as décimas e subsidios e, sobre todo a partir de finais do século XV, a Cruzada<sup>118</sup>.

A décima, taxa esporádica equivalente á décima parte dos ingresos eclesiásticos destinada a sufragar os gastos pontificios xerados pola guerra en Terra Santa, acaba sendo un ingreso corrente e estable do tesouro real castelán. A causa xeral esgrimida polo pontificado para a súa imposición (a loita contra o infiel) é aducida polos sucesivos monarcas que consideran inapropiado desviar estas cantidades para outros frontes de guerra sendo que no seu reino existe unha cruzada propia contra os musulmáns<sup>119</sup>. Coa intención clara de intervir as rendas eclesiásticas e financiar as campañas andaluzas, a coroa castelá busca e atopa -cada vez con máis frecuencia- privilexios pontificios que lle permiten gozar do décimo da clerecía. O primeiro precedente claro neste sentido é a concesión de Inocencio IV a Fernando III da sexta parte das rendas decimais percibidas no reino. Son as chamadas tercias reais que acabarán sendo renovadas anualmente e serán un ingreso estable da facenda real<sup>120</sup>.

A historia da décima é algo máis complexa cá das outras formas impositivas. É sempre froito dun privilexio pontificio, as máis das veces nado tras unha dificultosa negociación entre o pontificado e os embaixadores casteláns<sup>121</sup>. Pode concederse por un ano ou por un período deles pero é sempre froito dunha concesión graciosa do Papa que, en principio, se resiste a que os reis gocen en exclusiva destas ganancias; por iso, e ata o tempo dos Reis Católicos, unha parte do totalmente recadado é recibido polos colectores pontificios<sup>122</sup>. En ocasións, a concesión papal relaciónase cunha imposición reclamada en toda a Cristiandade, outras veces en cambio trátase de décimas específicas limitadas ó reino castelán. Desde 1309 e aínda máis alá da toma de Granada tributa o clero castelán en beneficio das empresas guerreiras dos seus reis. Roma, aínda a contragusto, debeu atopar positiva esta evolución pois ó parecer a recadación deste resultou sempre dificultosa e atopou importantes resistencias que parecerían salvables

---

<sup>118</sup>

NIETO SORIA, *Iglesia*. pp. 312-313.

<sup>119</sup> Habería que ter en conta tamén outras consideracións tales como que a insistente actividade dos colectores pontificios ten como consecuencia a saída do reino de importantes cantidades de moeda cunhada en ouro.

<sup>120</sup> LADERO QUESADA, *El siglo XV*. pp. 32-35, 50 e 190-191; NIETO SORIA, *Iglesia*. pp. 317-321.

<sup>121</sup> NIETO SORIA, *Iglesia*. pp. 324-337; GOÑI GAZTAMBIDE, *Bula de cruzada*. loc. cit.

<sup>122</sup> Os Reis Católicos conseguirán eliminar este requirimento ó ofrecer durante a negociación un importante doativo á Cámara Apostólica a modo de compensación.

coa intervención da autoridade do rei<sup>123</sup>.

As expansivas necesidades financeiras do estado fan inevitable o recurso ós ingresos beneficiais pola vía dos empréstitos e pedidos especiais<sup>124</sup>. Esta crecente presión acaba xerando malestar entre o estamento eclesiástico do reino que, como resposta, se xunta cada vez con máis frecuencia en xuntanzas nas que a tributación parece ser punto importante. Estas asembleas do clero -ás que se convocan e acoden bispos e representantes dos cabidos- erixíranse como interlocutor válido e mediador imprescindible para a colecta destas taxas. Son elas as encargadas de negociar o monto final que debe chegar o estado eclesiástico<sup>125</sup>.

Así, o que inicialmente foi un gravame sobre as rendas xeradas por cada beneficio cun monto final que en cada diocese e en todo o reino non pode calcularse *a priori* (xa que é a décima parte do percibido) acaba converténdose para cada contribuínte nunha obriga de abonar unha parte dunha cantidade final predeterminada para todo o reino. É dicir, a cantidade a pagar non está en función dos ingresos beneficiais senón da suma total que as igrexas do reino deben reunir e que previamente pactaron<sup>126</sup>. De aí o nome co que os contemporáneos pasarán a designar a esta taxa: o subsidio.

A sucesión total das décimas que chega a pagar o clero do reino de Castela está aínda por establecer, pero conforme ós datos dispoñibles a Coroa puido beneficiarse desta taxa en múltiples ocasións desde 1247, durante toda a Baixa Idade Media e a Moderna<sup>127</sup>: 1274, 1309, 1328, 1340, 1343, 1346, 1373, 1397, 1399, 1424, 1430, 1431, 1433, 1457, 1458, 1460, 1472-73, 1474-79, 1485, 1487,

---

<sup>123</sup> NIETO SORIA, *Iglesia*. pp. 314-315; LINEHAN, *The Spanish*. pp. 156-160. Non debe ser allea a esta decisión pontificia a crecente intervención rexia na designación dos bispos e altos dignatarios eclesiásticos que –o participaren plenamente nos xogos políticos do reino- serían máis comprensivos coas necesidades do seu rei e, quizais algo máis remisos ós pagos ó Papado. Ademais do mencionado estudo do Prof. Nieto Soria v. sobre este asunto AZCONA, T., *La elección y reforma del episcopado español en tiempos de los Reyes Católicos*. Madrid, 1960.

<sup>124</sup> NIETO SORIA, *Iglesia*. pp.337-342.

<sup>125</sup> AZCONA, T., "Las asambleas del clero de Castilla en el otoño de la Edad Media" en *Miscelánea José Zunzunegui (1911-1974)* (Vitoria, 1975). SÁNCHEZ HERRERO, J. "Los concilios provinciales y los sínodos diocesanos españoles (1215-1550)" *Quaderni Catanesi di Studi Classici e Medievali* 3 (1981), pp. 113-181 e 4 (1982), pp. 111-198. Estas reunións son moitas veces presididas por bispos e parece que os representantes capitulares son os que buscan sempre a negociación á baixa.

<sup>126</sup> A máis coñecida destas negociacións é, sen dúbida, a levada a cabo con Rodrigo Borja (GOÑI GAZTAMBIDE, *Bula de cruzada*. pp. 423-427; FERNÁNDEZ ALONSO, J., "Los enviados pontificios y la colectoría de España de 1466 a 1475" *Anthologica Annua* 2 (1954): pp. 51-122.)

<sup>127</sup> O certo é que os ritmos de imposición desta taxa distan moito de estar claros; datos aproximados pódense atopar nas xa citadas obras de Nieto Soria e Ladero Quesada e tamén en CASADO ALONSO, H., "La contribución de la diócesis de Burgos a la Hacienda Real en el siglo XV," en *Historia de la Hacienda Española (épocas antigua y medieval)*. Homenaje al Prof. García de Valdeavellano (Madrid, 1982), pp. 175-191.

1489, 1490, 1492, 1494, 1495, 1497 e 1500<sup>128</sup>.

As noticias compostelás en relación a este asunto son aínda máis concisas e deben ser manexadas con coidado. En 1278 -como xa se dixo- Nicolás III ordena que non se obrigue a pagar a décima da coroa ós cregos dos arciprestados de Xanrozo e Abegondo. A seguinte noticia é de 1329 cando nos consta que se paga ó colector a cantidade correspondente á Igrexa de Santiago<sup>129</sup>; en 1398 cando o cabido decide tomar emprestada certa cantidade de diñeiro do tesouro para pagar o subsidio que lles reclama o rei<sup>130</sup>; en 1462 os documentos do mosteiro de Belvís rexistran o pagamento da cantidade correspondente a esta casa<sup>131</sup>; en 1470, o cabido da orde de enviar mensaxeiros que obriguen ós cregos rebeldes a pagar o pedido do Papa<sup>132</sup> e en 1473 esta institución –en nome da clerecía diocesana- súmase á apelación das igrexas castelás<sup>133</sup>; coñecemos tamén a presenza ou o interese do cabido por estar representado nas congregacións do clero de 1457<sup>134</sup>, 1474<sup>135</sup> e 1497<sup>136</sup>.

Os pormenores concretos da recadación do subsidio e a décima no territorio diocesano son coñecidos só de modo superficial. Tanto se acoden representantes de Santiago ás asembleas do clero como se non, a noticia co que debe colectarse é recibida en Santiago, así como os detalles e calquera outra instrución relacionada co tema<sup>137</sup>. As cantidades concretas que en cada reparto corresponden a esta diocese decídense nestas congregacións -se ben no reparto local se ven incrementadas co necesario para gastos-: son 14.600 mrs e 2 diñeiros os que se pagan en 1398<sup>138</sup>, 9.240 floríns de Aragón en 1430<sup>139</sup>, 9.063 en 1457<sup>140</sup>, 6.096 fl en 1482, 9.769 fl en 1494<sup>141</sup> e 110.600 mrs nalgún momento de fnais do s. XV que non pode precisarse (posterior a 1490)<sup>142</sup>.

A noticia chega a Santiago da man do representante nas asembleas ou por carta; así pasou en

---

<sup>128</sup> Datos tomados das obras citadas na nota anterior.

<sup>129</sup> ACS, Tumbillo, fº 300r.

<sup>130</sup> CABANA OTERO, *Tombo H*, doc. 265.

<sup>131</sup> RODRÍGUEZ NÚÑEZ, C.C., *El Monasterio de las Dominicas de Belvís de Santiago de Compostela*. Ferrol, 1985; doc. 41.

<sup>132</sup> ACS, AC I, fº 88v.

<sup>133</sup> ACS, AC I, fº 133r.

<sup>134</sup> ACS, Leg. 699C II, fº 235r/v.

<sup>135</sup> ACS, AC I, fº 152r.

<sup>136</sup> ACS, AC III, fº 89v.

<sup>137</sup> Así ocorre, por exemplo, coas xuntanzas de Salamanca (1462) e Córdoba (1483) das que non hai noticia de presenza compostelá pero si puntual coñecemento do seu contido (LÓPEZ FERREIRO, *Historia*. v. VII, ap. p. 129 e 339-340).

<sup>138</sup> CABANA OTERO, *Tombo H*, doc. 265.

<sup>139</sup> LADERO QUESADA, *El siglo XV*. p. 194.

<sup>140</sup> NIETO SORIA, *Iglesia*. pp. 331-332.

<sup>141</sup> LADERO QUESADA, *El siglo XV. loc. cit.*

<sup>142</sup> AHDS, FX, Leg. 501, 2.

1497<sup>143</sup>. O escote diocesano é levado a cabo por arcebispo e cabido, que designan conxuntamente ós subcolectores diocesanos<sup>144</sup>. Pode pensarse que serían estes individuos quen farían o cálculo pormenorizado do que debe pagar cada contribuínte, pero o certo é que parecen empregar un escrito chamado *libro do susidio* para levar a cabo o seu cometido. Descoñecemos de que instrumentos se valen para realizar este reparto -de valor sempre variable en función do monto diocesano- e posterior cobro, aínda que cabe pensar que utilizarían como guía escritos similares ós libros do subsidio ou de valores eclesiásticos usados nesta e outras dioceses. Neles recóllese dun modo ordenado o valor de cada beneficio gravado. Hai serias razóns para pensar que son un acreditado precedente do *Libro do Subsidio* que aquí se edita.

A obriga destes cóengos designados colectores é compeler os cregos da diocese para que fagan fronte ás súas obrigas e encarar posibles imprevistos e reclamacións<sup>145</sup>. Ante ás resistencias e ocultacións, sempre cabe o recurso á xustiza arcebispal que pode cominar os debedores a cumprir coa súa obriga ou autorizar un embargo de bens que permita cobrar o debido<sup>146</sup>. Recadado o diñeiro, faise entrega ó colector pontificio ou ó correspondente axente real. Esta paga debe facerse no prazo marcado polo colector xeral<sup>147</sup> e, segundo as nosas informacións, ten lugar en Santiago ante o propio colector ou ben en Castela por medio dun cóengo<sup>148</sup>.

Malia os compromisos adquiridos polo rei D. Fernando e que lle permitiron dispoñer dos recursos da Igrexa para a conquista granadina, o subsidio do clero será un aporte fundamental para a tesourería do reino de Castela na Idade Moderna. A aventura americana proporcionoulle a escusa que

---

<sup>143</sup> O 27 de xullo deste ano presentouse no cabido unha carta do bispo de Salamanca, xuíz comisario apostólico da décima e subsidio, pola que se require ó provisor e ó recadador das rentas arcebispais que colecten o subsidio na diocese (ACS, AC III, fº 81v-82r).

<sup>144</sup> Precisamente, no 1497, tanto o provisor como o recadador resistense a aceptar mandato algún, pasando a continuación o cabido a designar os subcolectores (v. nota *supra*). Isto é o que aconteceu en 1477 (ACS, AC I, fº 210v-212r) e en 1487 (ACS, AC II, fº 116r).

<sup>145</sup> Da complexidade e dificultade deste proceso dan boa idea as posicións dun dos subcolectores nomeados en 1477, quen debeu aceptar o encargo malia a súa resistencia (ACS, AC I, fº 211v-212r).

<sup>146</sup> As censuras eclesiásticas –que culminan coa excomuñón- e o método máis habitualmente usado para obrigar ó pago (LOGAN, D.F., *Excommunication and the Secular Arm in Medieval England. A Study in Legal Procedura from Thirteenth to Sixteenth Century*. Toronto, 1968; p. 53 y ss.)

<sup>147</sup> De feito en 1469 Rodrigo Vaca, coengo de León e subcolector nomeado por Leonoro de Leonori, impuxo censuras ó cabido de Santiago por non ter entregado o diñeiro no tempo marcado (ACS, AC I, fº 80r)

<sup>148</sup> Segundo unha noticia de 1477, o cabido pagou a súa parte directamente en Castela e empregando os servizos dun veciño salmantino (posiblemente un mercador) ó que acudirá un cóengo provisto con libramentos para facer efectivos os 87.133 mrs que se deben (ACS, AC I, fº 220v).

permitted to make this a regular income from his estate<sup>149</sup>.

---

<sup>149</sup> Existiu, non obstante, unha certa resistencia do clero á súa continuación. Un interesante exemplo desta postura, na que se recolle tamén o sentir dos cabidos e clerecía en GUILLÉN DEL AGUILA, M. & VILLAMARÍN SUÁREZ, F., *Nueva impresión del libro de breves y bulas pontificias tocantes al estado eclesiástico, y a las gracias del subsidio...* Madrid, 1666.

## O LIBRO DO SUBSIDIO

O arquivo catedralicio de Santiago custodia entre os seus fondos unha interesante serie de mazos que, baixo a denominación “Dezmero e escusado”, “Subsidio e escusado” e “Subsidio”, gardan a documentación relativa á tributación dos eclesiásticos composteláns á Coroa castelá; cronoloxicamente as súas noticias abranguen -con importantes lagoas- o período 1562-1834<sup>150</sup>. A eles debe sumarse o *Libro do Subsidio* que hoxe se edita e que viría a ser o máis antigo dos exemplares pertencentes a esta serie documental. É un códice de cronoloxía un tanto imprecisa e que foi usado como guía para a recadación diocesana deste gravame desde o momento mesmo da súa elaboración. Nas seguintes páxinas, este estudo tentará concretar a súa cronoloxía e contido así como explorar os procesos relacionados coa súa elaboración e uso recorrendo para iso á documentación que sobre o tema puido atoparse no *corpus* documental compostelán.

### O códice

O libro primeiro do subsidio é un códice de pergamiño, cunha encadernación actual en pel escura. Contén 53 folios escritos polos dous lados a excepción do 49 que está ocupado só no recto e os finais que están en branco. Ten unhas dimensións aproximadas de 320x270 mm e o seu estado de conservación é bastante satisfactorio, se ben o seu prolongado uso provocou un certo estrago na parte inferior que contribuíu, en ocasións, a esvaecer o escrito; aprécianse tamén marcas que delatan a presenza da couza, se ben en ningún momento impiden a lectura. Carece de foliación agás a inserida moi recentemente a lapis. No catálogo xeral do arquivo recibe a denominación *Legajo 22*.

#### 1. O manuscrito

Está constituído por 6 fascículos compostos cada un deles por 4 bifolios, ós que se engaden un folio solto antes do primeiro cuaternión e outros catro aparentemente unidos ó último<sup>151</sup>. Os bifolios son de variable tamaño e grosor, faltando en ocasións algún anaco que -polo corte de deseño circular- podería deberse a manobras relacionadas coa preparación do material. Algunha páxina presenta marcas

---

<sup>150</sup>

ACS, Leg. 236 ó 261.

<sup>151</sup> O encolado utilizado para consolidar a encadernación contemporánea non permitiu verificar plenamente se estas últimas pezas conforman un caderno á parte ou se están soltas, se ben os indicios apuntan para esta última posibilidade.

de zurcido, sen dúbida para suplir as carencias do orixinal<sup>152</sup>. O pergamiño utilizado é tamén bastante heteroxéneo, alternándose pregos de gran finura e brancura con outros máis bastos e de tonalidades pardentas. Con frecuencia, ó longo de todo o volume, poden apreciarse as marcas utilizadas para establecer a horizontalidade das liñas e as columnas da caixa de escritura; no folio 50 -que quedou sen escribir- son doadamente visibles trazas levemente enchoupadas nun pigmento violáceo -se cadra con vistas a engadidos posteriores-. Non se rexistrou a presenza de reclamos ou signos de numeración de fascículos se ben existen indicacións no canto inferior dereita dalgúns folios que poderían cumprir esta función<sup>153</sup>.

Está escrito con tinta de cor ocre, usándose tintura vermella para as palabras que designan ás diferentes demarcacións e grupos contributivos (arcediagados, arciprestados...). A factura quebrada dos signos e a alternancia de trazos grosos e finos indica que, na súa elaboración, se empregou unha pluma biselada. Ocasionalmente presenta manchas de tinta que non impiden a lectura e, con certa frecuencia, os trazos están esvaecidos por se ter utilizado unha tinta moi líquida ou por se ter manipulado a páxina antes de secar; todo iso contribúe a darlle ó códice unha certa aparencia de confección un tanto descoidada ou malograda, dado que boa parte destes “aditamentos” parecen relacionarse cos procesos de elaboración do manuscrito.

A disposición da páxina presenta dúas variantes que se relacionan intimamente co contido da páxina e o uso que dela se fai. Por un lado atópanse o primeiro folio e o último dos escritos, nos que a escritura se estende todo ó ancho do folio, deixando unhas marxes máis ou menos simétricas ós lados. O resto do volume atende a unha disposición moi diferente: o espazo destinado a escribir divídese en dúas columnas asimétricas; na primeira delas -a esquerda- rexístranse en numerais as cantidades correspondentes a cada entrada; na de dereita -que ocupa máis do 70% da caixa- se consigna nunha liña ou liña e media o nome da entidade contribuínte e o monto expresado en letras e a correspondente moeda. Esta distribución busca facilitar a lexibilidade, xa que fai que a lectura gañe en claridade e comodidade ó poder determinarse máis doadamente a localización de cada ítem e a cantidade que lle corresponde.

O seu contido é pechado e por iso, nesta parte, as marxes superior e inferior conteñen elementos

---

<sup>152</sup>

Fº 8 e 32.

<sup>153</sup> Nos folios 12r, 13r, 18r, 19r, 21r, 27r, 28r, 29r, 44r e 45r escribiuse en letra moi miúda e de corpo pequeno unha indicación consistente nunha letra minúscula (b, c, d e f, respectivamente) seguida dun numeral arábigo. Podería tratarse de reclamos confeccionados para ordenar os pregos orixinais pero dado que non están en todos eles nin se corresponden cos fascículos é necesario pensar en que a súa utilidade é outra.

que impiden a inclusión de novas anotacións: unha rúbrica notarial e liñas oblicuas que aparecen tamén nos espazos en branco entre as distintas demarcacións. Cada parágrafo está, co mesmo fin, pechado cun deseño a modo de lazo.

## 2. A escritura

Parece escrito dunha única man á que debe engadirse unha segunda que autorizou notarialmente o manuscrito e que parece ser a mesma que corrixe en certos erros á primeira. Esporadicamente atópanse anotacións posteriores que delatan un uso dilatado do libro.

O tipo de escritura empregado pertence ó ciclo das cursivas góticas de uso librario, que non sacrifica a interpretación do contido en aras dunha maior velocidade na escrituración. É, por tanto, un tipo de letra un tanto robusto e pesado pouco dado a empatar letras e signos, con escaso ornato na elaboración dos signos que tenden a ser sinxelos, sen a penas abandonar a horizontalidade. É un formato moi habitual nos escritorios composteláns e foi empregado para escritos deste tipo tales como tomos ou escrituras un tanto solemnes e con afán de permanencia.

Se se exceptúan aquelas pasaxes especialmente relevantes e que son graficamente diferenciadas polo uso de tintas diferentes, a escritura empregada neste libro ten unha aparencia bastante homoxénea. Resalta polo seu módulo maior a primeira plana do libro que se cadra por este mesmo motivo foi cancelada e refeita na seguinte.

A escritura pertence, como xa se dixo, ó ciclo gótico e ten unha certa pretensión de solemnidade e permanencia; é pausada, con trazos quebrados e permanentes contrastes debidos ó tipo de corte da pluma. Os signos a penas se enlazan e mesmo os nexos clásicos como o formado polas letras *st* e *sc* distan moito de ser frecuentes. Existen, non obstante, indicios claros de que o seu autor está familiarizado cos repertorios gráficos coetáneos: leves trazos envolventes son visibles no trazado do signo *et*, no *o*, *v* e *a* de factura tipicamente cortesá; a letra *s* en calquera das súas posicións preséntasenos con todas as variantes posibles que van do *S* tipicamente gótico ás de sigma enlazadas cunha vocal posterior. Case non existe indicio de signos de puntuación e mesmo do uso de acentos diacríticos.

O uso de abreviaturas está reducido ó máximo, buscando sen dúbida a facilidade de uso e interpretación do contido. Mesmo o emprego de acentos e marcas que poderían indicar nasalizacións se axustan ó estrictamente necesario; o signo abreviativo queda reducido a un simple guión recto ou algo arqueado sen intención ningunha de envolver as letras inmediatas. Óptase polo procedemento da contracción sen esquecer o repertorio dos signos abreviativos clásicos (*et*, *mrs*, *clgo*) cando se fai



referencia a termos farto coñecidos tanto polo escritor como para o lector (arcebispo, cabido, Martiño, María...). Pero a forma máis utilizada é a suspensión de vocais, xa sexan soltas ou acompañadas das letras *n*, *s* ou *r*, o que nos provoca certas dificultades para interpretar o escrito cando se relaciona, sobre todo, con topónimos. Neste aspecto, a filosofía abreviativa do autor parece ir en contra dos principios de sinxeleza e claridade que presiden a organización da páxina e do contido ó crear confusión no caso de existir varias opcións moi semellantes<sup>154</sup>.

Máis coidada é a escritura empregada para separar as diferentes partes do texto. A primeira letra do códice -aquela coa que se inicia o testemuño da autorización notarial e capitular- é unha inicial de gran formato e grosa trazo, tipicamente libraria e cunha fina prolongación ornamentada que cae ó longo da páxina. No interior da letra (E) hai certas marcas quizás pensadas para cubrir con cores. Lamentablemente o contido desta plana foi cancelado e o posible embelecido deste signo tamén. Na segunda redacción dese mesmo texto (ó volto do mesmo folio) mantense a intención dunha inicial ornamental que resulta, porén, bastante máis sobria e de menor tamaño, sen que nada indique que se pretendeu acicalala.

No recto do folio 2º atópase o título, elaborado na mesma tinta ocre que a maior parte do libro pero con trazos que buscan diferencialo claramente do resto da páxina. O texto céntrase e fractúrase en varias liñas para non perder ese espazo privilexiado e se deseña con caracteres máis estilizados e finos.

A partir do folio 2 e ata o 48r as distintas partes nas que se divide o contido do texto márcanse graficamente: con tinta distinta e outra variante de escritura deséñanse e sinálanse os distintos epígrafes. O pigmento arrubiado empregado para rotular os nomes dos arcediagados, arciprestados e outros grupos de contribuíntes axuda a dar á páxina unha certa sensación de elegancia, fomentada polo uso de trazos que tenden a estilizarse e alixeirarse e pola aparición de puntos e esquemáticos lazos que enmarcan o nome. Enriquecen sen dúbida visualmente o volume pero, sobre todo, facilitan a súa consulta ó permitir localizar doadamente cada demarcación.

Os números supoñen unha parte importante deste libro pois pola súa localización e tamaño poden ser lidos e identificados con facilidade e rapidez. Presentan dúas formas moi distintas relacionadas coa súa razón de ser e utilidade. A gran maioría deles ocupa un lugar ó longo da columna esquerda da páxina e relaciónase co contido da outra, pois indican en cifra a cantidade que en letras se atopa á dereita, tras o nome do contribuínte e escríbense á mesma altura. Son signos dun tamaño equivalente ó

---

<sup>154</sup> De feito é neste aspecto no que máis se centran as puntualizacións de quen supervisou e corrixiu o escrito.

das letras e dunha factura bastante similar. Son numerais romanos que se distribúen en vertical tomando como referencia de aliñamento o signo de mil (U), arredor do cal se sitúan os demais segundo o seu valor como é típico da chamada conta castelá. Son caracteres minúsculos, trazados de maneira independente que ocasionalmente finalizan cun punto -para separalos do texto da seguinte columna cando se achegan demasiado a ela e poderían inducir a confusión- e que as máis das veces sinalizan con tiles diacríticas, os grupos III e IIII -de modo que poidan ser identificadas claramente a cantidade de unidades presentes sen confundilas con outros signos-.

Ó final de cada columna de números, hai outra cifra (resultado dun sumatorio parcial) que queda recollida nun espazo distinto do inicial -na marxe inferior esquerda do folio, desligado por unha liña- e cunha variante escritoria diferente que é froito doutra man. O tipo de escritura e a tinta empregada -que son as mesmas que as das correccións e da subscripción final- son indicios de que esta intervención pertence ó notario validador. Quizá para cadrar e comprobar a veracidade dos datos contidos en cada folio e no conxunto, foi sumando as cantidades e anotando os resultados parciais. O seu apuntamento é breve pois unicamente consigna o número -moitas veces non moi aliñado cos que lle preceden- de modo rápido e sen interese pola lexibilidade da súa intervención: emprega unha escritura moi cursiva e pequena na que só se distinguen con claridade os grupos de cifras pois os signos iguais van estreitamente entrelazados.

A intervención desta segunda persoa rexístrase todo ó longo do volume. É el a quen debe atribuírse a man que vai completando nomes, engadindo letras... Cabe identificala con Fernando de Lema, lugartenente de notario público de Santiago, en lugar de Alonso de Fonseca -arcediago de Salnés e futuro arcebispo- e que con este título exerceu como notario capitular neste período<sup>155</sup>. Dentro das súas competencias e como el mesmo declara na validación do documento, foi labor seu concertar o volume co escrito orixinal<sup>156</sup>.

### 3. Datación

A simple vista, e tal como consta no seu tenor rematouse o 28 de agosto de 1500<sup>157</sup>. Neste momento, a asemblea dos cóengos compostelán require o seu notario para que coa súa sinatura autorice este documento que, segundo nel mesmo consta, é un traslado doutro anterior. É necesario, polo tanto,

---

<sup>155</sup> VÁZQUEZ BERTOMEU, M., "El escritorio capitular compostelano (1460-1481)," *Historia. Instituciones. Documentos* 24 (1997): pp. 500-507 e 534.

<sup>156</sup>

Fº 48v.

<sup>157</sup>

Fº 1v.

distinguir na súa elaboración varios momentos distintos con cronoloxías diferentes. Por un lado, haberá de discernirse cando se fixo fisicamente este volume e, por outro, cando se elaborou orixinalmente o documento que contén, posto que o códice non é outra cousa que un traslado auténtico dun escrito xa existente.

As dilixencias de validación da copia precisan a data na que esta se concluíu, que foi tamén cando tivo lugar o outorgamento do testemuño capitular que se inicia no folio primeiro e remata no 48v. O asento que sobre este tema se inseriu nos autos capitulares rexistra o suceso: *ante los dichos señores, presento el bachiller Gonçalo Nuñez de Jaben, canonigo, e presento en el dicho cabildo un libro de subsidio e deçima por donde dixo que se avian cogido las deçimas pasadas para que por el mandasen coger la deçima o subsidio que agora se a echado; e luego los dichos señores dixieron que mandavan e mandaron a mi, notario, que lo çifrase e rublicase el dicho libro que asy el dicho bachiller presentava e lo \sygnasel e firmase de mi \synol e nonbre para que por el cogiesen la dicha deçima o subsidio el cardenal Vernaldino Gascon e Fernando Peres de Azevedo, canonigos, subcolectores<sup>158</sup>...*

Cabe pensar que a inserción deste auto no códice ten lugar neses días, ó igual que a da carta de Alonso de Morales, tesoureiro real, sobre como tributaría o Voto de Santiago -dada en Granada o día 15 dese mes e que chegaría a Santiago entre tanto-. A ostentosa ornamentación da primeira plana do volume fai pensar que foi concibida para dar relevancia e solemnidade ó novo códice, pero foi cancelada e non retirada del, repetíndose o seu contido na seguinte cunha aparencia máis esgrevia (fº 1v). Esta frustración do obxectivo inicial podería ter a súa orixe na existencia dunha encadernación posto que, en caso contrario, ese folio -que xa estaba solto - podería ter sido substituído por outro. É dicir, moi pouco despois de se ter autorizado o traslado -pero antes de incluír o testemuño- o volume xa estaba encadernado; cabe pensar mesmo que así se presentase ante o notario como garantía suplementaria da integridade do contido e da fidelidade ó orixinal. Da aparencia do folio 2r, onde se contén o verdadeiro título do libro deseñado nunha escritura con certo afán de solemnidade pode mesmo pensarse que fose nalgún momento concibida como plana inicial do documento á que posteriormente se engadiu outra máis elegante e “oficial”.

Os rexistros dos meses seguintes inclúen dúas noticias que permiten concluír que o códice estivo pronto acabado e rubricado, posto que os colectores o usan como referente do seu oficio<sup>159</sup>.

A documentación capitular rexistra, non obstante, outra noticia referida á elaboración dun libro

---

<sup>158</sup>

ACS, AC III, fº 230r.

<sup>159</sup>

ACS, AC III, fº 231r (1500-09-04) e 235r (1500-10-16).

co que recadar o subsidio. O 24 de setembro de 1514 o cabido ordena a Fernando de Acevedo, o seu despenseiro, que mande facer e autorizar en pública forma un novo libro en pergamiño para substituír a outro en papel que está moi maltratado<sup>160</sup>; un ano despois, é presentado o libro orixinal e entregado ó arcediago de Trastámara para que se traslade a pergamiño<sup>161</sup>. Cabe preguntarse se este volume elaborado para 1515 é o exemplar hoxe conservado no arquivo catedralicio. Non obstante, comprobados os datos dispoñibles e a veracidade do testemuño rexistrado no primeiro folio do noso libro -pois foi asentado tamén nos rexistros capitulares<sup>162</sup> - é necesario desbotar esta hipótese.

Máis complexo resulta establecer cando ten lugar a elaboración do texto orixinal. O feito de que se trate dunha copia dun exemplar anterior *que se caducava e perescia la letra del* e de que se coñeza como *libro e relación del Altamirano* sitúanos sobre pistas fiables. D. Pedro Altamirano, protonotario da Sé Apostólica, cóengo de Toledo, protonotario apostólico, capelán dos reis é subexecutor apostólico no arcebispado de Santiago e no Reino de Galicia por designación do cardeal D. Pedro González de Mendoza -colector principal nomeado por Inocencio VIII para repartir e cobrar o subsidio caritativo de 1485-. Hai noticia puntual da súa actuación en Galicia tamén como comisario xeral da Cruzada en 1487 e 1488, segundo consta en varios documentos reais en apoio da súa causa<sup>163</sup> e da súa intervención na recadación mindoniense<sup>164</sup>. Da súa presenza nas terras compostelás como subcolector do subsidio dan puntual información as contas presentadas polo tesoureiro arcebispa Nicolás de Acevedo correspondentes a eses anos, nas que se rexistra ademais a súa expeditiva actuación<sup>165</sup>; hai tamén noticias sobre el na documentación capitular .

A información máis antiga da presenza de Altamirano en Santiago data de 1486, máis concretamente de febreiro dese ano, cando o cabido lle ordena ó seu despenseiro -o cóengo Guedeja- que entregue ó protonotario 20.000 mrs que acababan de recibir do alcalde maior en conta dos 2.250 floríns que debe pagar a corporación como subsidio<sup>166</sup>. En outubro dese mesmo ano, no tesouro catedralicio, preséntanse ante o protonotario dous procuradores do cabido e clerecía compostelá para solicitarlle que levante as censuras dadas contra o clero -para que aboasen o subsidio en prazo- posto que este interpuxera un recurso sobre o tema ante o Pontífice. O agravio dos composteláns ten a súa orixe na

<sup>160</sup>

ACS, AC V, fº 57r.

<sup>161</sup>

1515-09-05 (ACS, AC V, fº 112r).

<sup>162</sup>

ACS, AC III, fº 230r.

<sup>163</sup>

AGS, RGS, 1487-09, fº 45; AGS, RGS, 1488-07, fº 347.

<sup>164</sup> CAL PARDO, E., *Colección diplomática medieval do arquivo da catedral de Mondoñedo*. Santiago, 1999; doc. 206.

<sup>165</sup>

VÁZQUEZ BERTOMEU, *La Hacienda*, C2 fº 1v, 4v, 18r, 19r, 24r, 25v, 26r, 26v.

<sup>166</sup>

ACS, AC III, fº 77r.

*moderación* que fixo o cardeal Mendoza sobre a cantidade a pagar da décima que acabara convertida nun subsidio. Ante esta petición, a resposta de Pedro de Altamirano é moi interesante: *le costava -por que avia fecho pesquisa \del los valores de los beneficios e rentas de todo este arzobispado e rentas del cabildo e clerizia pertenescentes- ellos aver sido mucho agraviados e los agraveos en su apelación expremidos seer verdaderos e justos* e, acto seguido, alza as censuras<sup>167</sup>. Segundo a noticia contida no auto capitular do día seguinte chegouse a un acordo sobre o tema co protonotario que incluía o contido en certas pescudas *por concordia que fiso çertas pesquisas en este arzobispado sobre los verdaderos valores de los beneficios e abadías*<sup>168</sup>.

Non é posible verificar se esta *pescuda* sobre os valores dos beneficios e o que cada un ten que pagar é o que contén o códice que hoxe se edita. Hai, non obstante, certos indicios que apuntan neste sentido.

En febreiro de 1488, Pedro Altamirano aproba un instrumento de similares características que haberá de ser usado na colecta da diocese de Mondoñedo<sup>169</sup>. O protonotario -ó igual que fixera en Santiago- mandou facer pescuda do valor dos beneficios e con ela -tras certas correccións- elaborouse *un libro et summa de la dicha deçima para en la dicha yglesia et obispado de Mondonedo et personas della* ó que deu a súa autorización por decreto para que *fuese avido et devido por verdadero libro et suma de deçima* e polo que en adelante *se cojese, repartese et pagase la dicha deçima et susidio*. Segundo noticias procedentes de Santiago, un libro de similares características foi elaborado en tempo do protonotario Altamirano e era a ferramenta pola que se rexía a recadación deste tributo<sup>170</sup>.

Á vista de todo iso, cabe concluír que moi posiblemente a relación do valor dos beneficios que forma o núcleo do códice estudado se elaborou durante a estancia en Galicia do protonotario Pedro de Altamirano, isto é entre 1485 e 1488.

## O contido

Os suxeitos contributivos do subsidio e a décima son os beneficios eclesiásticos e é unha relación exhaustiva deles o que contén este Libro. Os ítems insírense de modo ordenado, en primeiro lugar os do deado<sup>171</sup> e os seus arciprestados, ós que seguen os arcediagados de Trastámara<sup>172</sup>, Nendos<sup>173</sup>, Salnés<sup>174</sup> e

---

<sup>167</sup> ACS, AC II, fº 93r-94r (1486-10-16).

<sup>168</sup> ACS, AC II, fº 94r.

<sup>169</sup> CAL PARDO, *Colección diplomática*. doc. 206.

<sup>170</sup> En outubro de 1500 -isto é, pouco despois da elaboración do códice- Pedro Fernández de Castroverde, cardeal de Santiago, reclama ó cabido o *libro propio original de Altamirano*, posto que por el debería dar conta da súa recadación ante o bispo de Xaén -colector da décima dese ano (ACS, AC III, fº 235r).

<sup>171</sup>

Fº 2r.

Cornado<sup>175</sup> cos seus<sup>176</sup>; finalmente, a mesa arcebispal<sup>177</sup>, a capitular<sup>178</sup>, as capelas e igrexas de Santiago, A Coruña e Pontevedra<sup>179</sup> (as poboacións máis importantes da diocese), os *prestamos* do arcebispado<sup>180</sup>, as dignidades catedralicias<sup>181</sup> e, finalmente, abadías e encomendas<sup>182</sup>.

Para cada un destes grupos anótase con minuciosidade a relación de beneficios que inclúe os curados, sinecuras, capelas, fundacións, hospitais, ermidas..., así como a cantidade que cada un debe achegar. É una *taxatio* dos valores diocesanos. Non se trata, evidentemente, do valor real da renda beneficial senón da taxa que cada un debe pagar e que, tendo en conta o carácter da imposición, é proporcional ós ingresos. A proporcionalidade é, porén, distinta -como xa se dixo- segundo se tribute ó subsidio ou á décima. Esta circunstancia foi posta xa de manifesto pola clerecía compostelá en 1486 cando reclamou ante Altamirano: o que inicialmente era unha décima outorgada polo Papa acaba converténdose nun subsidio que lesiona os dereitos e intereses destes cregos posto que, como as rendas son moi baixas, o pagamento decimal suporía só a metade ou mesmo un tercio do que abonarán por subsidio; o propio protonotario é consciente desa circunstancia<sup>183</sup>.

Ningún documento localizado e relacionado con este período aclara o verdadeiro valor da taxación (se é decimal ou non), pero o certo é que ó longo do século XV e máis adiante o que se paga é en realidade un subsidio -aínda que inicialmente fose unha décima- e o recurso dos composteláns ante Altamirano vai nese sentido. En calquera caso, cabe pensar que, tal e como se explica no instrumento mindoniense, este informe rexistra a contribución máxima que terá que pagar calquera beneficio.

Aplícase á tributación correspondente á décima de Inocencio VIII en 1485. O cardeal Mendoza modera a décima solicitada á cantidade global de 100.000 floríns para todo o clero castelán; esta cantidade -ou valores aproximados a ela- será no futuro a máis habitualmente esixida, o que facilitará

---

172

Fº 7r.

173

Fº 15v.

174

Fº 26r.

175

Fº 36r.

<sup>176</sup> Están ausentes os beneficios pertencentes ó arcedianato da Raíña, posto que tributan nas súas respectivas dioceses.

177

Fº 43v.

<sup>178</sup> *Ibidem*. Arcebispo e cabido pagan non só polos bens diocesanos senon tamén polo Voto de Santiago. Polo que parece tributan por este ingreso dúas veces, unha en Santiago e outra en cada unha das dioceses en que se recada. A carta do tesoureiro real, Alonso de Morales, refírese precisamente a este asunto.

179

Fº 43r-46r.

180

Fº 46r.

181

Fº 46v.

182

*Ibidem*.

183

ACS, AC II, fº 93r-94r.

que a tarefa de taxación levada a cabo por Altamirano resulte de grande utilidade futura.

Destes 100.000 floríns ou 26,5 millóns de maravedís -ós que haberá que engadir os necesarios para cubrir os gastos de recadación- cabe á diocese de Santiago acadar arredor dun 7-9%, segundo se deduce das derramas realizadas con este fin ó longo do século XV<sup>184</sup>. Nos subsidios da segunda metade do século XV de que temos noticia esta cota se concreta en 6.096 floríns en 1482<sup>185</sup>, 7.000 fl. en 1485<sup>186</sup>, 9.679 en 1494<sup>187</sup>. Segundo o noso libro de subsidio, o monto total é de 6.853.677,5 mrs.

O reparto que se fai dentro da diocese é desigual o que indica que posiblemente se realiza de modo proporcional ós ingresos e a súa distribución parece indicar que o cálculo porcentual se aplica a todos os contribuíntes do mesmo modo. Non existe aquí, como ocorría en Ourense para 1424, unha primeira partición que obrigaba ás grandes entidades a asumir a maior parte do gravame<sup>188</sup>. Os documentos mencionados e relativos á actividade de Pedro de Altamirano apuntan a que se elabora un arancel desde novas bases, tomando como partida moi posiblemente a pescuda sobre os valores que el mesmo mandou facer. Non pode establecerse, polo de agora, se esta información se obtén a través da visita a todos e cada un dos beneficios e é este un elemento a ter en conta posto que a veracidade dos datos descansa en boa medida sobre a calidade das fontes manexadas-. En calquera caso, é posible pensar que como fonte principal ou como elemento de comparanza deberon usarse certos tipos documentais habitualmente manexados pola administración capitular e arcebispal tales como informes de visitas do prelado e os arcediagos<sup>189</sup>, memoriais sobre os valores das rendas en determinadas zonas<sup>190</sup> e moi

---

<sup>184</sup> A lista do achegado por todas as dioceses en 1430, 1482 e 1494 en LADERO QUESADA, *El siglo XV*. p. 194. Para 1458 en ACS, AC I, fº 295r.

<sup>185</sup>

*Ibid.*

<sup>186</sup>

ACS, AC II, fº 94r.

<sup>187</sup>

LADERO QUESADA, *El siglo XV*. p. 194.

<sup>188</sup> VAQUERO DÍAZ, M.B., *Colección diplomática do mosteiro beneditino de San Salvador de Celanova (Ourense) (séculos XIII, XIV e XV)* (Universidade de Vigo, 2001), doc. 264. Neste documento recóllese un pacto polo cal o repartimento do subsidio concedido ó rei por Martiño V foi asumido na súa maior parte polas abadías da diocese e polo cabido e o bispo. Polo que se deduce dos demais repartimentos coñecidos desta diocese, un cálculo deste tipo é algo habitual (*Ibidem*, doc. nº 265 e 315).

<sup>189</sup> Nos testemuños de visita de igrexas e beneficios que conservamos, os visitantes ocupáronse de rexistrar en ocasións con bastante minuciosidade a contía dos ingresos así como o seu reparto.

Véxase, por exemplo, un extracto dun libro de visita arcedianal que data do século XIV: *Apud ecclesiam Sancti Saluatoris de Ledesma, Vermundus Petri et Johannes Amicus, presbiteri, et Johannes. Petri diaconus dixit per juramentum quod habet ista ecclesia XXIX fleg. et octo viduas in media, de ista ecclesia tem Johannes Amicus medietatem, et est patronus dominus Archiepiscopus et tenet eam F. Garsie de Ledesma et habet per renda Xº sl et unum tananium et unum carnarium, et unam ollam de laite. Item Vermundus Petri tenet quartam et octauam istius ecclesie et est patronus abbas de Camanco in ipsa quarta et habet per prenda XV sl.; et fratres Millicie Ospitalis sunt patroni in ipsa octaua et tenet ea dona Eluira Lupi, et habet per renda sl. VII. Iten Johanis Petri supradictus tenet octauam tocius istius ecclesie et est patronus monasterium Sancti Bereiximi in medietate ipsius octaua et tenet ea dona*

posiblemente documentos semellantes usados para a recadación dos pedidos arcebispais...<sup>191</sup> Sobre todos estes datos realizáronse os cálculos que deron como resultado a táboa de cantidades que contén o códice e que, moi posiblemente, non ten nada que ver cos baremos manexados con anterioridade<sup>192</sup>. Segundo Ladero Quesada, os beneficios foron taxados en aproximadamente un 5% dos seus ingresos<sup>193</sup>, pero as queixas dadas en Santiago -que comprendeu e tentou atender o protonotario- dan a entender que a cantidade imputada a cada beneficio é realmente alta, se cadra a causa da pobreza da maioría deles.

Tampouco é fácil adiviñar se foron incluídos todos os posibles contribuíntes, isto é, a totalidade dos beneficios ou se simplemente foron rexistrados aqueles susceptibles de ser gravados nese momento preciso en virtude da lexislación vixente. É evidente que certas casas relixiosas non tributan -por exemplo, as franciscanas- e posiblemente tampouco un bo número das fundacións *pro anima* pois as súas rendas serían demasiado exiguas, consignándose se cadra no libro só aquelas que dan manutención a un crego. Outro tanto ocorrería con ermidas e outros establecementos como os hospitais e leproserías.

A pesar de todas estas circunstancias, o reparto levouse a cabo, proporcionándonos unha inestimable fonte para o estudo da xeografía económica dos beneficios composteláns. A valoración de Altamirano tira como maior contribuínte ó arcebispo, seguido polo cabido (que cobran e pagan tamén polo Voto de Santiago) nun reparto un tanto desigual e outro tanto sucede nas demarcacións locais, onde a contribución pesa directamente sobre o crego, pois se advirten tamén importantes diferenzas.

Un indicio para valorar a posible veracidade dos datos achegados polo libro de Altamirano podería atoparse nos escasos testemuños sobre a súa actuación na recadación deste subsidio. Este proceso, o cobro, non lle incumbe directamente ó ser tarefa dos subcolectores diocesanos, pero si é responsabilidade súa apurar e constrinxir ó pagamento ós que se resistan, chegando mesmo a executar

---

*Urraqua Lupi et alia medietas ipsius; et est domine Urraca et ista octauoa habet per renda sl VII et omnes isti clerici non habet hereditatem propriam set quanto labrant dant inde quartam dicto ano ff. <espazo en branco>, orreo Johanis Amicus, dixit se non benre titulum .. collatam fiat sed per Archidiaconi Jobanni Petri dixit se habere dictum quinionem per archna dona A. Jobani constitutione legati; Vermundo Petri ostendit titulum instituciones per archidianum don Alfon. Jobani de quarta istius ecclesie ad putacionem abbatis de Camanço et de octaua a presentationem Fernan millicum Hospitalis (AHDS, FSMP 9, fº 62r).*

<sup>190</sup> A administración económica das mesas arcebispal e capitular manexan en abundancia este tipo de instrumentos indispensables para o correcto funcionamento destas facendas certamente complexas (VÁZQUEZ BERTOMEU, "La escritura y su uso: la mesa arzobispal compostelana a fines del siglo XV", pp. 420-423; VÁZQUEZ BERTOMEU, *Notarios*. pp. 150-151).

<sup>191</sup> O sínodo de 1435 fala dun *rotulo* ou padrón dos beneficios polo que se cobra o pedido (GARCÍA Y GARCÍA, *Synodicon*. p. 324).

<sup>192</sup> Existen mencións anteriores ó uso de libros de repartimento de subsidio e décima, absolutamente necesarios, como xa se dixo, para a recadación destes e outros tributos (ACS, AC I, fº 221r, 227v; AC II, fº 23r-23v).

<sup>193</sup>

LADERO QUESADA, *El siglo XV*. p. 913.



embargos de bens. Durante a súa estancia en Galicia tomou pola vía da execución máis de 80.000 mrs situados en ingresos arcebispais<sup>194</sup>, mentres o tesoureiro Nicolás de Acevedo parece ter certas dúbidas sobre a cantidade que debe abonarse ó protonotario<sup>195</sup>.

Dado que este libro foi usado para un bo número de recadacións nos anos posteriores<sup>196</sup>, é plausible pensar que o seu contido é, polo menos ante os ollos dos axentes encargados da recadación, verosímil.

---

<sup>194</sup> VÁZQUEZ BERTOMEU, *La Hacienda*, C2 fº 1v, 4v, 18r, 19r, 24r, 25v, 26r, 26v.

<sup>195</sup> *Ibid.* fº 24r en adiante atópase a relación contable de Acevedo *Asy los maravedis que yo resçebi como de los que tomo el prothonotario Altamirano para pagarse el susidio de los años de LXXXIII, LXXXV, LXXXVII*. Nela é factible atopar fragmentos que abertamente expresan certa desconfianza para o protonotario: *Tomo el protonotario Altamirano a los vecinos e moradores de la dicha tierra de Cordero de las dichas alcavalas del año de ochenta e syepte, çinco mill e ochenta e syepte maravedis, diziendo que ge los devia Su Señoria del Susidio de los años de LXXXII e LXXXV (Ibidem, fº 25v)*.

<sup>196</sup> Existen noticias na documentación capitular que inducen a pensar que en cada colecta do subsidio os recadadores diocesanos sacaban unha copia do contido deste libro (ACS, AC III, fº 231; AC V, fº 112r).

## CRITERIOS DE EDICIÓN

A transcripción e preparación deste manuscrito estivo presidida por dúas consideracións: respecto á fonte no seu contido e na súa aparencia e a necesidade de presentar ós investigadores como obxecto de rigorosa pero doada consulta. O feito de traballar cunha copia dun documento orixinal provocou certos problemas de lectura pois algúns dos topónimos parecen corrompidos, posiblemente a causa dunha mala lectura do escrito orixinal; a transcripción fíxose neste aspecto co maior coidado respectando as características do texto.

Para a transcripción seguíronse os criterios habituais<sup>197</sup> e, como norma xeral, respectouse o principio de utilizar en cada manuscrito a solución achegada polos seus autores. Dado que o costume deixa unha ampla marxe de acción ó editor en relación a certas cuestións, velaquí os puntos específicos seguidos:

- Na resolución de abreviaturas téñense en conta as letras e signos presentes.
- Séguense as formas dominantes no manuscrito aínda que se respectan as variantes.
- Cando o escrito non proporciona unha solución clara para a resolución dunha abreviatura, recórrese á forma habitual na época (*v<sup>o</sup>*= veçino, *b<sup>o</sup>* = benefiçio).
- A resolución de nomes propios e apelidos faise tomando como referencia as formas existentes no texto ou as usadas na época.
- O signo da nota tironiana foi transcrito segundo o uso habitual (*e* ). Este mesmo criterio utilizouse para a resolución dos signos latinos de *per* e *pro*.
- A puntuación e emprego de letras maiúsculas responde ós criterios actuais.
- Para indicación de lagoas e signos do texto séguense as recomendacións da Comisión Internacional de Diplomática.
- Todas as indicacións e incidencias do texto van ó pé da páxina, a excepción dos interliñados e engadidos marxinais necesarios para a súa comprensión.

Dada a importancia que neste manuscrito se concedeu á posta en páxina e ante a imposibilidade de reproducir exactamente a súa disposición seguíronse estas consideracións á hora de preparar a edición:

- Respéctase, na medida do posible, a estrutura e disposición do orixinal.

---

<sup>197</sup> MILLARES CARLO, A. & MANTECÓN, J.J., *Album de paleografía Iberoamericana de los siglos XVI e XVII*. Barcelona, 1975; v. I, pp. 96-110; SÁEZ, C., *Colección documental de la catedral de León (775-1230)*. León, 1987; pp. LXX-LXXIX.

- Indícase a cantidade resultante dos cómputos parciais de cada columna en nota precedéndoa do signo **S**.

- Dado que a columna esquerda reproduce cantidades xa consignadas na dereita, pareceu innecesario transcribilas en cifras arábegas. Do mesmo xeito, pareceu innecesario desenvolver as abreviaturas referentes a moedas.

- Elimináronse todos os engadidos posteriores á elaboración dos manuscritos, agás aqueles directamente relacionados co seu contido.

Acompañan á transcripción os índices toponímico e onomástico. Procurouse simplificar ó máximo a súa estrutura sen que por iso perdan o seu contido e utilidade. No índice **toponímico** inclúense todos os nomes de lugar que se mencionan no texto -tanto referentes a espazos xeográficos, como entidades administrativas ou apelidos-, as súas variantes, a súa localización xeográfica (consignándose nos lugares de menor entidade a parroquia, concello e provincia) e o número do folio no que aparecen. Nos casos de adscrición dubidosa, relaciónanse as posibilidades existentes seguidas dun signo interrogativo. Para a identificación e localización das entidades e as súas correspondencias actuais empregouse o *Nomenclátor* oficial da Xunta de Galicia e o traballo de TORRES LUNA, M. P.; PAZO LABRADOR, A.: *Parroquias y arciprestazgos de Galicia*, Santiago, 1994. Dado o carácter do documento editado, as referencias de entidades menores como capelas ou ermidas remiten a outra maior (igreja parroquial).

O índice **onomástico** recolle todos os nomes de persoa, ordenados como é costume polo seu nome.